

# RUXE RUXE

Nº15



**REVISTA DO EDLG**  
**IES AQUIS CELENIS**  
**MAIO 2013**

## EDITORIAL

De novo aquí o Ruxe-Ruxe, a revista que elaboraramos no Equipo de Dinamización da Lingua Galega. Un ano máis contigo, e xa facemos 15; unha idade que, como sabedes por experiencia, é moi difícil: a adolescencia. Pois iso, que somos como adolescentes espertando á crúa realidade, e non nos gusta o que vemos; pero non nos resignamos, somos rebeldes e temos ganas de cambiar o mundo, que si que se pode, como non se vai poder? O mundo cambia constantemente, o que pasa é que unhas veces evoluciona e outras involuciona, e parece que nesta xeira toca ir cara a atrás.

E postos a falar de cumprir anos, resulta que temos outra amiga de aniversario: xa van 30 da aprobación da Lei de Normalización Lingüística... plena madurez!!! E como lle vai á velliña? Pois semella que non moi ben... cada vez somos menos os que falamos en galego e máis os que aceptan isto con resignación. Sabemos que a situación pode mudar e aínda estamos a tempo de asegurar a pervivencia desta nosa riqueza, mais non hai vontade de que a LNL se cumpra, todo ao contrario, e iso a pesar da obviedade de que o camiño emprendido é o do suicidio lingüístico. Sabemos que a razón non nos falta aos que defendemos máis presenza de galego no ensino, as probas son evidentes: a recriminación que o Consello de Europa lle facía á Xunta de Galicia pola política lingüística que está levando a cabo dende a aprobación do Decreto 79/2010 e a sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia que avala a ilegalidade dese decreto que regula o uso do galego no ensino ao declarar nulos algúns dos seus artigos. Pero non debe ser a razón a que guía... as cousas no ensino están cambiando, e non para ben.

Hai quince anos, canda a esta revista, estíbese botando a andar a LOXSE, unha lei que pretendía transformar o sistema educativo para facelo máis igualitario e dar oportunidades aos que partían con desvantaxe: luces e sombras. Logo veu a LOCE que modificaba algúns aspectos e, sen darlle tempo a medrar, anúnciase o nacemento (parto con complicacións e dilatacións infrutuosas) da LOMCE. Á nova lei non se lle ven moitas luces, aínda que si é clara: potencia o ensino concertado (incluíndo os centros que segregan por sexos), pon barreiras ao alumnado para continuar os seus estudos aínda tendo aprobadas as distintas etapas (reválidas en primaria, ESO e bacharelato), potencia o ensino da Relixión Católica como materia, elimina a democracia nos centros ao privar ao Consello Escolar das súas competencias que pasan a recaer no director, sacrifica materias como a Tecnoloxía, a Filosofía, a Música, a Educación Física..., uniformiza o sistema educativo de maneira que se relega o estudo da realidade propia de cada lugar e discrimina gravisamente a lingua propia de Galicia.

Parémonos neste punto: posibilita que o alumnado que non queira recibir ningunha materia en lingua galega poida cursar os seus estudos nun centro privado (nos que se permitirá, polo tanto, que o galego estea excluído como lingua vehicular), iso si, pagándollo con diñeiro de todos. Ademais, en bacharelato a materia de Lingua Galega perde a categoría de materia troncal, que si conservan a Lingua Castelá e a Lingua Inglesa (que ademais serán utilizadas como linguas vehiculares para a impartición de determinadas materias sen que ninguén teña dereito a obxectar). Non parece isto gravemente discriminatorio e claramente incompatible coa Lei de Normalización Lingüística????

Pois iso, que imos cara a atrás. Daquela, non podemos dar os parabéns polo aniversario, mais si pedimos desexo: sentidiño!!!, a ver se entre todos e todas somos quen de voltar...

## NORMALIZA...ACCIÓN

**Facer memoria. Aos que formamos parte do EDLG gústanos esta sección do Ruxe-Ruxe porque lela permítenos lembrar o tempo en que nos xuntamos para argallar as actividades coas que achegarvos a nosa angueira: mostrarvos que en galego se pode facer de todo, evidenciar o orgullo que sentimos de falalo e animar aos demais a probar a experiencia... Son tardes de apuro (sempre contra reloxo!) pero tamén de risos, de intercambio de opinións, en fin, de experiencias...**

As nosas actividades comezaron en novembro, un pouco en plan macabro... pero é o que ten o Samaín! O que pasa é que a nós vainos a marcha e por iso convocamos un concurso de epitafios retranqueiros, lembrades?



Logo, xa máis en serio, puxémonos co 3º Día da Ciencia en Galego e aí houbo actividades para todos e todas e para todos os gustos: charlas sobre tecnoloxía, videoconferencias compartidas con miles de estudantes galegos, experimentos químicos...



E... por seguir divertíndonos (doutro xeito) e sen case tempo para dixerir, xa nos demos á paparota, que chegaba o outono e o tempo das castañas. Aproveitamos o magosto para investigar un pouco sobre as maneiras de enredar os nenos, por iso tivemos un Obradoiro de xogos tradicionais onde puidemos gozar con xogos como o arrastramortes, a ra, as escopetas de cana... ao que parte do alumnado (e do profesorado) lle quitou moito partido.




E coma quen non quere a cousa, xa estabamos en decembro e aí foi cando parte de vós nos axudastes a honrar a figura de Celso Emilio, lembrades?: Entre todos gravamos un vídeo: **porque quixemos, porque nos petou e nos deu a gana!**



Foi a primeiro traballo de Aquis production deste curso pero logo viñeron moitos máis, ou non vos acorda andar nos recreos contestando as preguntas das nosas reporteirosas?



E xa lanzados co tema do audiovisual probamos cos programas da radio: velái tedes o noso equipo protagonizando un programa de Radio Voz sobre os traballos que facemos no EDLG do Aquis.



E a todo isto xa chegara Nadal e o tema dos agasallos e... coma no ano anterior nós elaboramos un agasallo moi especial para vós e as vosas familias: unha boa selección da mellor literatura feita en galego.


Pero non só celebramos o Nadal, nós celebramos todo o que haxa que celebrar, non perdemos ocasión para agradecer por termos unha lingua que namora, por iso che regalamos postais no Día dos namorados e te invitamos a declaráste...



Por iso levamos á poesía dos nosos autores e autoras á rúa: aos xulgados, aos bancos, aos centros de saúde, ao mercado... poesía para todos e todas no Día Internacional da Poesía



Porque buscamos a implicación de todos e todas, e porque todos e todas temos moito por dicir en galego. Por iso convocamos concursos nos que poidas expresar as túas inqúezanzas: literarias, científicas, musicais...



E tamén para iso, para poder falar con voz pero tamén utilizando o corpo enteiro, para saber falar en público, alto e claro, organizamos obradoiros de expresión oral para o alumnado.



E aínda fomos máis alá, que o profesorado tamén precisa aprender disto por iso tamén organizamos un Obradoiro de teatro dirixido ao alumnado e ao profesorado. Aprender e divertirse.

Porque a nós, xa o dixemos, vainos a marcha, e este curso probamos a dar un paso máis, nunca mellor dito, e lanzámonos ao baile. "E ti, a que esperas?". ese foi o flashmob que algúns afortunados e afortunadas, que tiveron a sorte de estar no lugar adecuado e no momento oportuno, puideron presenciar na cafetería.



FLASHMOB NO IES AQUIS CELENIS

Pero este, xa sabedes, non foi un ano calquera. En 2013 celebrouse o 150º aniversario da publicación do primeiro libro escrito integramente en galego, Cantares Gallegos de Rosalía de Castro, e por iso os do Equipo de Dinamización Lingüística quixemos facer algo especial.

Primeiro “Rosas a Rosalía”: nós ofrecémosvos a súa poesía e vós ofrecésteis as vosas rosas, bonito intercambio.



E logo elaboramos o documental que vos presentamos no Día do libro “Este é outro cantar”, e regalámosvos postais que a recordan e... aínda vos agardan sorpresas... !!!



Pero non queda aquí a cousa... que o curso non acabou (aínda que xa está nas últimas) e quedánnos folgos aínda para a traca final, por iso neste mes de maio todas e todas podemos gozar dun completo programa para celebrar o Mes das Letras, preparado en colaboración coa Vicedirección, que ataca por todas as fronteas: música, exposición, deporte, cine, teatro, visitas de famosos... espectáculo total... do que nos vos podemos agora dar conta porque o tempo se nos bota enriba pero recolleremos toda a información precisa na próxima Caldeirada.

**CALDEIRADA DE LETRAS**  
Boletín do Alumnado do IES Aquis Celenis


**Actividades do centro**  
Este trimestre foi un trimestre rico en actividades e actividades moi divertidas...

**Editorial**  
Tras este mes de maio e comezo de curso, temos un mes moi especial...

**2º proceso**  
O 2º proceso do curso...


**De bares e boteiros**  
O 15 de maio...

Porque esa é outra das nosas teimas: que ao longo do curso esteades ben informados do que pasa coa lingua, do que pasa no ensino, do que pasa no noso centro, por iso... trimestralmente editamos a Caldeirada de letras e cada mes vos facemos chegar Ollos de aula que edita a Coordinadora Galega de Equipos de Dinamización.



Sempre estamos convosco no noso blog, onde podedes volver a ver todas as actividades realizadas ao longo do curso:

**<http://aquisfalamos.wordpress.com>**





**CREA...ACCIÓN****INMIGRANTE**

Marchou... Recordar a súa felicidade... Fuxiu para recobrar a súa liberdade, para sentirse el mesmo por fin... E chegou á terra prometida... A terra prometida, conxunto de descoñecidos...

Chegou cunha pequena maleta de madeira podre, vestido en farrapos, barba de dous longos meses que pasara naquel pequeno navío, chegou arrastrando un pé e convalescente dunha man, pero chegou. Sentou nun banco, observou ao seu redor e sorriu. A liberdade. O mundo novo. Contou os poucos cartos que tiña con el e buscou un lugar no que durmir. Arranxouse. Puxo a roupa dos domingos e recortou a barba, o pelo. Limpou a cara e saíu á rúa.

Chegou a un pequeno restaurante. Buscou traballo e non o atopou. Pasou xunto a un albergue pero xa non entrou. Chegou a unha obra. Falou co mandamáis. Entrou a traballar coa roupa dos domingos. Ensuciou a roupa, as maos. A perna xa non lle daba máis. Marchou ao albergue con ben poucos cartos. Sentou na cama que tiña alugada. Contou o diñeiro e deitouse, feliz.

Feliz no novo mundo, con cartos e traballo. Pero sen roupa dos domingos. Sen saber da súa dona. Non importaba. El durmiu, feliz consigo mesmo.

Esperto. Vestiu os farrapos que tiña o día que chegou. Marchou traballar e non volveu ata ben entrada a noite. Contou de novo os cartos. Gardounos xunto aos do día anterior. Deitouse de novo. De novo feliz.

Volveu espertar. Seguiu a mesma rutina dous meses. Tres. Catro.

Quinto mes, día primeiro: chega unha carta da súa dona. Quere cartos. Cartos para manter os cinco fillos que deixou atrás. Cartos para se mercar unha saia negra. Unha saia para manter o loito, pois tiña medo a non o volver ver. Mandoullos. Cartos para os fillos, cartos para a saia da súa dona. Cartos para Galicia. Marchou traballar.

Pasados tres anos, segue traballando. Xa entrou a noite pero ata as doce non pode marchar. Ás seis ten que estar de volta. Levanta unha parede, dúas. Coloca unha porta, unha ventá... Fai unha fermosa vivenda, pero non para el. Non é unha vivenda para el, para os seus cinco fillos ou para a súa dona. Non.

A fatiga pode con el. Cae ao chan. Rendido. Poden con el os tres anos de traballo, tres anos sen liberdade, liberdade perdida o día que chegou.

Esperta na súa cama alugada. No seu cuarto sen fotos nas paredes. Sen recordos da súa terra. Un cuarto cunha maleta de madeira nunha cadeira e unha camisola rachada colgada dunha viga. Escolta ao médico. Morre. Enfermo. Está morrendo.

Decide volver. Embárcano no primeiro navío que vai para Galicia. Pasa un mes antes de que logre chegar ao seu ansiado destino. Alí, espéranos á súa dona, os seus cinco fillos. Dorme pensando na súa terriña, na súa Galicia. Chega chorando de felicidade. Báixano nunha cama que levan dous homes. Déixano no chan á saída do barco. Manola, a súa dona, chega ata el chorando. El obsérvaa, chora. Cáenlle dúas bagoas e morre cunha palabra nos beizos, morre cos últimos folgos da vida... Morre dicindo: Galicia.




Gelo Cubreiro



Sentada, diante dunha pantalla, agardando sen saber que agardar. Intento formar unha palabra na miña cabeza, pero a miña mente confusa mestura todos os meus pensamentos para formar un complexo anagrama, indescifrabre para a inxenua mente humana. Vivimos sen saber por que, sentimos sen saber o que. Sen poder sequera comprender o sentido da nosa existencia, limitámonos a vivir para morrer. Todas as preocupacións que ao longo da historia desvelaron ao home esvaécense para deixar paso a pensamentos baleiros. Que sentido ten todo? Se pensas non sentes, logo, se sentes non pensas? Penso logo existo. Sinto, logo que?

Se puideses tan sequera comprender unha soa bágoa de todas as que caeron sobre este vello caderno...

Domingo pola mañá; esperto coa enerxía dunha nena disposta a xogar todo o día. Case podu ulir o arrecendo das torradas acabadas de facer. Érgome da cama e corro polo corredor ata chegar a unha habitación escura. O meu impulso é turrar das mantas e espertalo, pero non podu. A cama está baleira. As torradas están queimadas. Cheguei tarde, demasiado tarde. Tan só quedan as pegadas do seu efémero paso pola miña vida.



**Textos e debuxos de Nerea González, 4º ESO**

## POEMAS

Cada sombra que carece de corpo,  
cada bágoa que carece de ollo,  
cada bico que non chega ao seu destino.

**Nerea González, 4º ESO**

Caerá o meu amor  
como caen as follas de outono  
cando o vento dende babor  
sobre con tanto amor  
que funda a luz  
da candeia,  
da lámpada que tintina  
dentro do meu corazón

**Laura Casal, 1º BACH**



Morto o amor,  
 Que nos queda?  
 Máis que unha vida chea  
 de compartir, abrazar  
 e beixar  
 uns beizos que falan  
 por ti e só por ti  
 beizos que tradean,  
 mentres tentas aguantar  
 o teu corazón sen capa,  
 sen escudo de lata,  
 sen helmo de ouro  
 e de prata,  
 sen brisa dos amores de fóra  
 desa declaración sonora  
 de amor  
 ao compás das ondas  
 dun vento namorado.



Gelo Cubreiro

O amor?  
 Que é o amor  
 máis que unha nota  
 musical eterna.  
 Que unha brisa  
 de ar que teima  
 un corazón pequeno  
 que torna xigante  
 coma o amor materno  
 que namora un paxaro  
 un peixiño dun pozo  
 de clara auga que brilla  
 no corazón marabilla  
 do eterno gozo  
 dunha infinda risa.

Laura Casal, 1º BACH

**Laura Casal, 1º BACH**



Natalia Rajoy

-Que queres ser de maior?  
 -Como non teño cartos acabarei de peón.

-Que pasou logo coa boa educación?  
 -A pública non interesaba,  
 Non era boa inversión.

-Entón agora se estudas, pagas?  
 E se non podes?

-A emigración

**Antía González, 2º BACH**

Serei, se me deixas, folla  
 do libro que aínda tes por abrir.  
 Serei os nomes, puntos, as comas,  
 as gañas que teñas de ir ou de vir.

Serei, se queres, bandeira  
 solemne e branca do teu país.  
 Serei a paz que ti buscas  
 e ás veces guerra, ás veces gris.

Serei mar das palabras perdidas  
 que ti sempre quixeches dicir.  
 Serei eu esta vez quen decida  
 e serei eu achegándome a ti.

**Antía González, 2º BACH**



Gelo Cubreiro

## I

Letra a letra  
palabra a palabra  
escribe o noso poeta.

Chora bágoas de prata  
de azul como o mar  
que tinxen o branco papel  
de escuras palabras.

Palabras de dor  
Verbas silandeiras  
Letras que calan...

Calan enormes gritos  
Calan as verbas,  
verbas que xa non din nada.

E que nos queda?  
Que nos queda do vello papel,  
Que escribía o vello poeta?  
Que nos queda de nada?

## II

Máis o poeta escribe...  
Escribe sobre as bágoas,  
escribe sobre nada...  
E fai a chamada...

Sangrantes mans da palabra  
Ladróns da fala  
Tatatatatataa,  
O son da metralla  
Boum Boum,  
o son da chamada  
Vinde ouvílo, señores.  
Vide choral, miñas damas.  
Pechade os ollos  
pola palabra.

## III

Porén nada chega  
Nada alcanza...  
E sobe ao cume...  
Observa o brillante o sol  
no outeiro da montaña.  
Chora bágoas azuis  
que tinxen o ceo de araña.

Pechos os ollos,  
vermellas as meixelas,  
fazulas claras-brancas,  
xunto ao sorriso da gran dama.

As brillantes cores da montaña  
xunto a ela ...  
Xunto ao fulgurante solpor  
de quen a acompaña.

E xa o sol non chora,  
xa non existe a dama.  
No canto,  
un cadaleito,  
un cadaleito de porcelana.

Tirados aos xeonllos  
daqueles que a matan,  
tiradas ás mans,  
de quen a aman.

E xa rematou,  
a lenta agonía da gran dama.  
O lento adagio que cantaba,  
o son da súa gorxa,...  
rematada.  
Os seus belidos beizos xa non falan,  
xa as meixelas non son coloradas ...

E así remata, a nosa gran dama.

## IV

Lentos traxes  
de cores apagadas.  
Lentos pasos  
de vellas almas.

Ningún novo,  
ningún mozo,  
Só vellos narradores,  
de historias acabadas.

Historias esquecidas,  
na longa liña do tempo.  
Alongada por ela,  
língua salgada.

Salgada como o mar,  
doce como o río,  
tan clara como o día,  
tan escura coma a noite.

E aparecen as sombras,  
pasos esnaquizados  
pola perda sen dor.  
Dor que non marcha.

Sssssh... Cala!  
Sssssh...Non digas nada!

E todos seguen,  
silandeiros,  
a camiñada.  
Impasibles, insufribles.

Ningún chora,  
ningún fala.  
Simplemente,  
non hai nada.

Sssssh...Cala!  
Sssssh...Non digas nada!

E que vou dicir?  
E que vou calar?  
Calo séculos sen fala,  
Calo bágoas que danan.  
E que calo?Que calo?  
Dígame señora, a que veu a este  
enterro?

E dígame señor, a que veu  
vostede?  
Veñen todos.  
Corren ás présas para chegar.  
Soben as montañas que fagan  
falla.  
Pero ningún o fai,  
Pola fala.

Fala pequena...  
P-E-Q-U-E-N-A  
P-E-Q-U-E-N-A  
P-E-Q-U-E-N-A  
P-E-Q-U-E-N-A  
P-E-Q-U-E-N-A  
P-E-Q-U-E-N-A  
P-E-Q-U-E-N-A

**Vanesa Míguez, 2ºBACH**

## MICRORRELATOS

Estes son os textos finalistas no noso centro para pasar á fase final da 5ª edición de Microtextos convocado polos Equipos de Dinamización da Lingua Galega "Terras do Umia".

### CATEGORÍA C

#### *Espartaco*


Coa fama que tiña eu nos meus tempos entre as mulleres do norte, quen che di que eu non son teu pai.

**Miguel Touceda**

#### *Na busca do meu destino*

Tentara por tódolos medios non afastarme da miña terra e da miña xente. Nunca valorara tanto as pequenas cousas que rodeaban a miña vida na aldea, encamiñábame cara a un futuro incerto, na busca dunha oportunidade lonxe do lugar onde transcorra a miña infancia. Sentíame perdida e desorientada, todo o que me rodeaba era novo e descoñecido para min. Como un mariñeiro perdido no mar, debía buscar a miña Estrela Polar, o meu norte, para atopar o meu destino lonxe deste mar de néboas que me axexa.

**Natalia Rajoy**



Gelo Cubreiro



#### *Noite na Praia*

Sopraba o vento do Norte sobre a súa loura cabeleira e os seus pés mergullábanse na fría auga da praia. O frío subíalle dende os pés ata adentrarse na súa cabeza e, entón, unha sensación cálida percorreulle o corpo. Sentíase arroupada polas ondas dun mar descoñecido, pero, aínda así, sentíase coma na casa.

**Nerea González**

## CATEGORÍA D

### *Tanxente de alfa*

E fuxín. Das horas de insomnio, das bágoas de impotencia, dos berros, da guerra das noites e da friaxe do norte. Chorei cada palabra de ferro e cada golpe nos teus días cansos. Chorei, xa non. Limpei cada cinzeiro máis veces das que sento nun día, traguei os teus berros de nicotina e deiteime cada noite arredor de ti sendo unha máis das túas cabichas.

E dende aquí, á marxe do teu cheiro a bar e a dor, descubro que tiña vida o meu corpo... E que as vidas non vividas nin os anos chas devolven.

### **Uxía Seixo**




Gelo Cubreiro

### *Kamikaze de coordenada noroeste*

Ollos verdes mirando ao norte. Norte. Un paso máis. Ollos verdes tristesos, chorosos, reflexos do que foi unha persoa, dunha vida, dunha dor. Vento na face. Do norte. As dedas pousadas sobre o ar, ar do norte empurrado pola auga. Forte, furiosa, eterna. Algo inalcanzábel para a muller de chispas verdes. Outro paso. O vento apártalle os cabelos, que coma as algas máis abaixo afogadas, móvense sinuosamente, coma donas danzando, coma serpes. Bágoas que se estenden en fíos argentinos, desexosas do lar de rocha. Ollos verdes soterrados na fondura mariña, ollando ao mosaico acuático do ceo. Ceo do noroeste.

**Andrea Sánchez**



Gelo Cubreiro

### *Vivir*

Motos, coches, música, traballos, risas, costumes, linguas, animais, xente, persoas...

Un mundo no que o todo e o nada paga a pena. Onde podemos gritar sen ser escoitados. Onde un "arrisca" sona demasiado tentador. Onde podemos querer e tamén ser queridos. Onde podemos perder o norte e atopar o sur. No que é máis fácil sentir que expresar. Do que podemos aprender e ensinar. No que podemos soñar sen vivir nun soño. No que podemos vivir... e só vivir.

**Estefanía Conde**

## CATEGORÍA E

### *Punto fronteira*

EL traía o nordés nos beizos, ollos verde toxo, chuvia no rostro, e unha lingua tatuada no corpo. Viña do norte. Namorei toliña dEL.

ELA traía cheiro de oliva no corpo, negrura de pel e de ollos, as mans punteo guitarra, melodías-conto na fala. Viña do sur. Namorei toliño dELA.

Acordamos o encontro nun punto fronteira, mais ela continuou e ficaría por sempre no norte e el non parou ata acariñar cálidas brisas sur-feiras. Xa se sabe... o amor traspasa fronteiras.

**Pedro Lamas**



**Gelo Cubreiro**

### *Ondina*

Ao pé das rochas a meiga está. A súa cabeleira vermella sacódea o ar. O mar está bravío, os seus ollos lume han. Ergueita, rexa, bate o seu caxato na pena e o seu conxuro volta comezar. "Vento do Norte, refacha nos beizos mentireiros, rexe no ollar traizoero, zoa no peito pezoñento, bate nas mans aldraxantes e nos pés ancorados no cismar". O vento revírase, as ondas medran, unha ondada remata o seu soñar. "Pobre feiticeira -di a area- quen a ía escoitar!" Todo pasa, todo queda agás os acorados no mar.

**María Sanmiguel**



**Gelo Cubreiro**

### *Sobre metáforas*

Dende había un tempo, viñase observando naquelas terras un fenómeno que ningún científico soubera explicar, a forza da gravidade vírase alterada e, como resultado, todos os compás comezaran a orientarse ao sur. Por primeira vez a expresión "perder o norte" deixara de ter sentido metafórico e aínda que por un tempo todos os habitantes teimaban en seguir buscándoo, chegou un momento no que, vencidos pola realidade, aceptaron dirixir ao sur todos os seus soños. Dende aquela produciuse neles unha estraña mutación, o obxectivo xa non era a riqueza sen fin senón recoñecer a súa felicidade nos ollos dos outros.

**Ana Rial**

## MICROPOEMAS

### CATEGORÍA C

#### *É a miña vida*

Din que perdera o Norte,  
por como levaba a miña vida,  
mais, se teño que vivir coma eles,  
prefiro andar perdida.

**Natalia Rajoy**

#### *Sigue o teu camiño*

Non sabes o que vivirás,  
tampouco sabes ata onde chegarás,  
só debes ir cara ao norte  
sen que nada che importe.

**Nerea Remiseiro**

#### *A miña vida*

Mar que nos deu a vida  
ó norte da terra miña  
comida, ledicia e amores  
e a morte que non merecía.

**Miriam Trigo**

### CATEGORÍA D

#### *Vento do norte*

Vento do norte que bates na cara,  
aire que feres o meu corazón,  
terra que agora te ves asolagada,  
por bágoas que brotan duns ollos de dor.

**Macarena Ruibal**

#### *Apoucamento*

Perdín o norte nas túas costas,  
espertei no sur das túas pálpebras,  
perdín as catro palabras das nosas  
promesas rotas;  
apostei e perdino todo, mais, cres que  
rematou o noso xogo?

**Laura García**

#### *Aurora boreal*

Non serás máis que ti cos teus beizos cálidos  
quen derreta o xeo do meu corazón,  
pois no Norte morre sen compaixón  
por un dos teus beixos de Estrela Polar.

**Antía González**



**Gelo Cubreiro**



**CATEGORÍA E*****Norte frío***

Mirabas para o norte e calabas,  
o teu silencio era entón un horizonte  
de vento frío  
e a túa ollada un anuncio de solpores mortos.

**Manuel Rosales**

***Sigue o teu camiño***

No planeta azul dos seus ollos  
ela era unha illa orientada ao norte,  
o compás que guiaba os seus soños  
e o luar nos medos da noite.

**Ana Rial**

***Mariñeiro***

Entro no tenro mar do norte  
trone, choiva ou vente en Aldán.  
Roten as velas, meu velerio  
e torne as ondas do teu lar.

**María Sanmiguel**



**Gelo Cobreiro**

**INFORMA...ACCIÓN****FESTA DA LINGUA**

O venres 10 de maio os alumnos e alumnas de normalización, 2º de ESO e os finalistas dos concursos de microtextos "Son do Umia" dirixímonos, xunto con Pedro, Marga, Ana e Merce á Azucareira de Portas para celebrar, xunto con alumnado e profesorado dos outros centros da comarca do Umia, a 5ª Festa da Lingua.

Unha vez alí, Laura Casal, compañeira do Equipo de Normalización, presentou o acto, con diversas bromas que causaron o riso de moitos dos escolares. Ademais explicounos en que consistían as diversas actuacións e tocoulle tamén o difícil papel de xustificar a ausencia de Francisco Castro, escritor e editor que fixo de xurado do concurso literario, e a tardanza de Toñito de Poi, quen corenta e cinco minutos despois chegou para entregar os premios dos microtextos e vulgar as actuacións dos participantes no 1º concurso "Son do Umia".



Deste personaxe non nos gustaron os seus comentarios fóra de lugar, a súa aparencia pouco coidada e falta de cortesía que tivo á hora de entregar os premios ao engadir que ningún dos participantes estaba cualificado para gañar o premio: unha sesión de gravación nun estudio profesional.



O que si destacamos foi a grande participación dos centros de Caldas, Cuntis, Moraña, Portas e Barro, así como a implicación de tres alumnos de Portas que nos recitaron os poemas e relatos dos gañadores, a quen se obsequiou cun libro e un diploma acreditativo.

Ademais no acto entregouse tamén o Lingumia, mención que os equipos que integran a Coordinadora Terra do Umia conceden a aquelas persoas ou organismos da comarca que se destacan polo seu compromiso coa lingua galega. Nesta ocasión centrámonos no eido deportivo e o premio recaeu na Asociación Xesteiras, de Cuntis, que se dedican á práctica de deportes relacionados coa natureza ( sendeirismo, ciclismo...) e que utilizan nas súas actividades sempre o galego.




En canto aos premios, hai que dicir que os do Aquis conseguimos os das categorías D (bacharelato) e E (profesorado), tanto de micropoemas como de microrrelatos: Laura García, Uxía Seixo, Manuel Rosales e Pedro Lamas, respectivamente. No terreo musical houbo menos sorte, haberá que esperar para a edición do próximo curso e irse preparando!



## MÚSICA DE AQUÍ

Se hai algo que sempre recordaremos da nosa infancia, iso será o Xabarán Club. Este programa da TVG mantívonos pegados ós televisores durante moitas tardes, deleitándonos coas series de debuxos animado en galego. E se deixou unha fonda pegada en nós, tamén o fixo na cultura galega, xa que non só era un programa que emitira debuxos animados, senón que nos ofrecía tamén a posibilidade de escoitar a música que nese intre se estaba facendo en Galicia e de grupos novos que se estaban creando. Este programa foi o impulso para darse a coñecer que moitos grupos galegos precisaban.



Deste xeito lanzáronse grandes bandas coma "Os Herdeiros da Crus", "Siniestro Total", "Aerolíneas Federales" e "Os Diplomáticos de Montealto" que, xunto con "Os Resentidos" (os creadores do famoso "Fai un sol de carallo"), marcaron o inicio da actual música do país.

Estes grupos senlleiros, que marcaron un antes e un despois na nosa música, caracterízanse polas súas cancións atrevidas e referentes a temas totalmente variados (Os Herdeiros dedícanlle unha canción a unha chaqueta de la), pero se hai algo que sempre se atopa dun xeito implícito ou explícito nas súas cancións é Galicia.

A partir do éxito destes grupos, e da toma de conciencia de que aquí tamén se facía música, a cantidade de bandas "made in Galicia" aumentou cunha velocidade de vertixe. Se ben os primeiros grupos reducíanse ó ámbito do rock, despois comezouse a crear todo tipo de música en galego, ata chegados os nosos días. Á parte dos xa mencionados, os máis salientables son os descritos baixo estas liñas, aínda que a lista de grandes músicos e cantantes da nosa terra sería enorme.

Temos novos grupos que retoman esa corrente de desvergoña e de cancións sen ningún tipo de tabús, como poden ser o grupo de rock "A Familia Caamagno", ou os xeniais "Terbutalina", representantes do punk máis festeiro.

No ámbito do punk, á parte dos xa mencionados Terbutalina, atopámonos con grupos como "Ruxe-Ruxe" e na vertente do hard rock, ós "Nao".

Tamén temos grupos que destacan pola súa calidade en ámbitos coma o metal ("Machine") ou na música electrónica ("Galegoz", "Das Kapital" ou "Sonoro Maxín")

Se ben é certo que moitos dos grupos son claramente representantes dun estilo en concreto, tamén o é que temos grupos de difícil etiquetaxe, pero de grandísima calidade, como son "Ataque Escampe" e "The Homens" (Rock de Serie B e Power Pop, respectivamente, segundo eles mesmos se definen), ademais de Lamatumbá, creadores dunha música festeira e verbeneira.

Tamén é certo que á par que aumentaba a cantidade e calidade dos grupos, tamén se desfacían outros, e ás veces non é doado saber se un grupo aínda está en activo e dá concertos, por exemplo, na sala Capitol de Santiago, o lugar predilecto e escollido polas banda para dar concertos.

Ademais de facer música, os músicos e cantantes galegos teñen outras facetas do ámbito cultural: actores (O cantante de Lamatumbá actúa no CDG), xurado (Tonhito de Poi, membro dos Herdeiros, tivo o pracer de escoitar a promesas da música que estudan no Aquis Celenis) e mesmo locutores de radio. Un gran exemplo desta última faceta é o cantante de Ruxe-Ruxe, Vituco Neira, que presenta o programa "Planeta Furancho" de 23:00 a 00:00, e de luns a venres na radio galega, e que dá a coñecer os grupos do momento en galego.




Pero se un non é dado a escoitar a radio a esas horas (ou simplemente, a non escoitala), sempre pode botar man da ferramenta universal: internet. Na internet podemos atopar os podcasts do dito programa, ou visitar a páxina de GZmusic, na que se atopan todas as novas do panorama musical galego e na que se pode descargar a discografía de moitos e moi bos grupos.

Ademais destes sitios web, tamén podemos atopar música galega en programas que empregamos habitualmente, como Spotify ou YouTube.

En conclusión: non hai motivo ningún polo cal, a partir de hoxe, non te poidas deleitar coa mellor música que un pode atopar, a música da terra.



DIOS ME LE CREU



## LOMCE (Lei Orgánica para a Mellora da Calidade Educativa)

Iso é o que as siglas de LOMCE significan, pero este anteproxecto de lei non vai mellorar a calidade educativa, senón que destruírá e botará por terra o futuro de moitos mozos e mozas. Esta é unha lei españolizadora e antigalega. Quere e propón quitarlle horas ao estudo da lingua galega, deixándoa nun segundo plano, e pór, no seu lugar, máis castelán.



É privatizadora e mercantilista. Sempre favorecendo os colexios privados e os concertados. Deixando de lado a educación pública, para facer do ensino un artigo de luxo.

É selectiva, elixista e segregadora. Propón as reválidas ao rematar a ESO e o Bacharelato. Isto supón que todos os estudantes debemos pasar unhas probas a nivel nacional despois de acabar os estudos e tendo todas as materias aprobadas. Propón ademais que aos 14 anos, antes de cursar 4º da ESO, teñas que elixir xa o teu futuro académico, sendo contraproducente, pois unha vez elixido, é moi difícil dar volta atrás. É relixiosa xa que a relixión terá o mesmo peso horario que calquera materia optativa. Deixas unha disciplina que realmente te forma para escoller unha de simple contido ideolóxico. Impón o adoutramento relixioso, quitando para iso horas de materias específicas e técnicas.

Ademais de a todos os estudantes, esta lei prexudica os pais e nais, porque opta polo ensino privado, prexudica os profesores, xa que a función dos profesores non vai ser ensinar, senón conseguir que o alumnado supere as reválidas. O funcionamento do centro recaerá case en exclusiva nunha soa persoa, desautorizando tanto a profesores, como a pais e nais, como a alumnos.

LOMCE significa en realidade o maior atentado contra o ensino español.



## COLABORA...ACCIÓN

### AXENDA 21


O Aquis Celenis incorporouse á Axenda 21 escolar de Galicia (A21EG) nos meses de outubro novembro e leva a traballar co alumnado en distintos subproxectos dende entón. A21EG ten como finalidade educar o noso alumnado na sostibilidade da súa contorna a partir dos currículos educativos das nosas programacións didácticas. Nós, dentro dun amplo abano de posibilidades, decidimos tomar como reto a reutilización e reciclaxe a través do lema R3 + CREATividade = Recursos sostibles nun intento de espertar e fomentar a súa curiosidade sobre as posibles vidas ou usos que nos ofrecen obxectos ou espazos que consideramos inservibles. Tomamos como imaxe representativa deste labor un leiriñas feito con material reutilizable (madeira, cunchas e area) intentando recoller a terra e o mar que conforman o noso hábitat.

Na materia de matemáticas, en 2º ESO B, o alumnado estivo a crear unha cidade empregando cartóns, caixas de calzado, botes de plástico, ao tempo que estudaban as figuras xeométricas planas como cadrados, circunferencias, entre outras, e de tres dimensións como pirámides, cilindros ou prismas. Unha reflexión activa sobre o que é reciclar, reutilizar e reducir os nosos residuos.



Alumnado de 2º da ESO tamén participou na elaboración de instrumentos musicais empregando material de refugallo: pedras, botes plásticos, tubos, madeira, sementes,... O seu resultado final foron paus de chuva, guitarra, maracas, caixa chinesa e bongós.

Tamén nese curso os seus alumnos e alumnas fixeron presentacións onde comparaban frases feitas, con algún contido da natureza, en galego e castelán ás que tiñan que engadir fotografías e música de creación propia que expresasen a mesma idea que as frases. Tamén se fixo unha libro lim cos xogos populares que os rapaces confeccionaron nunha actividade de magosto feita no centro. En colaboración co departamento de lingua galega e educación física fíxose un estudo dos distintos xogos populares que formaron parte do lecer dos meniños da nosa contorna. Tamén crearon coches en tecnoloxía empregando material de refugallo facendo unha fermosa competición san de a ver quen tiña o coche máis bonito e que andara mellor.



En Lingua e literatura castelá en 2º ESO alfa un grupo de alumnos plantou as plantas que familiares e amigos lles cederon para facer máis agradable a contorna de lecer que teñen no patio traseiro do instituto. Ao tempo estiveron aprendendo como se fai un informe de tarefas, un texto instrutivo e a descrición técnica de fases ou procesos.

En 1º da ESO o alumnado está a crear dous miniproxectos diferentes: o do horto escolar e o de energy. O primeiro estase a levar a cabo en Atención Educativa empregando as técnicas artesanais do cultivo ecolóxico. O segundo supón unha reflexión sobre o tipo de enerxía que empregan nas actividades que realizan no seu día a día.



Na materia de Educación Física o alumnado estivo a crear xogos malabares como parte da súa actividade lectiva, para esta tarefa empregaron papel, arroz, botellas de plástico, paus, entre outros materiais e o seu resultado foi a creación de balón, pelotas malabares, discos voadores, indiakas, paus de lacrosse, de xokei, cadros con nós mariñeiros e vivac.

En Bacharelato os traballos foron encamiñados polo alumnado cara a roteiros moi diferentes: en lingua castelá e literatura fixeron unha presentación coa súa particular visión do que era o locus eremus e amoenus na súa contorna e como incide isto na súa vida cotiá. En Bioloxía fixeron un estudo sobre a biodiversidade da Carballeira e do Xardín de Caldas, indicando as especies, hábitat das mesmas, tendo en conta que hai vexetación autóctona e foránea ben adaptada á nosa contorna, traballo que entregaron impreso e encadernado. Así mesmo, reflexionaron sobre o lixo que xeramos e onde o depositamos ao tempo que viron as etapas de reciclaxe do vidro e do papel, actividades plasmadas polo alumnado en vídeos e presentacións.



## BANCO DE ALIMENTOS

Este ano xurdiu por parte do alumnado a proposta de crear un banco de alimentos para poder contribuír cunha pequena axuda de cada un a paliar esta durísima situación de crise que está a atravesar o país.

Vendo o éxito das dúas primeiras recollidas, a primeira azucre e a segunda leite, non podemos pensar que está todo perdido, que a xente non se axuda entre ela como tendemos a crer ás veces.

Pero aínda non é suficiente, hai que seguir avanzando, hai que seguir achegando e que isto non quede en nada. O estado no que moitas, moitísimas, familias se atopan é alarmante: cunha contribución mínima ou sen sequera iso, obrigados a asistir a comedores sociais, a recibir paquetes de alimentos porque non poden cubrir a máis básica das necesidades non só sociais senón tamén biolóxicas. E para ti, que estás lendo isto, se non te ves nesta situación non é moito unha achega mensual: lentellas, arroz, azucre... Non vai arranxar esta terrible situación pero vaille dar a posibilidade de intentar seguir loitando a toda unha familia.

Por iso confío que esta iniciativa se manteña ata que non faga máis falta. Confío en que sigamos axudando a sociedade só por mero altruísmo, confío en que non imos pechar os ollos ante as desgrazas alleas e finxir que non están aí. Que vai todo ben. Confío, sobre todo, en ti e na túa humanidade. E por iso remato agradecéndoche que te mantiveras fiel a esta causa, que axudases na medida das túas posibilidades. Fixeches un gran labor pola sociedade e podes sentirte ben xa que se unha familia sorriu ao recibir un deses paquetes de alimentos foi grazas a ti.

**Aitor González, 2º BACH**



## MALALA IGUALDADE

Ola! Somos o equipo de igualdade. Case ninguén nos coñece, disfrazámonos de persoas normais, coma vós, pero somos axentes secretos e observámonos día a día. Logo xuntámonos os xoves no recreo e argallamos para combater os problemas de convivencia que descubrimos durante o resto da semana. Centrémonos sobre todo na igualdade do home e a muller, e en todos os aspectos da discriminación sexual. Buscamos a liberdade de todas as persoas: mulleres e homes, sexan brancos, negros ou azuis, de calquera condición sexual e sen poñer etiquetas. Durante o ano, fixemos campañas de igualdade, por exemplo, repartimos chapas co noso nome: MALALA, tomamos en rebelión as mesas de ping-pong para reivindicarmos o dereito de todas as rapazas do instituto a practicar deporte, creamos un blog: malalaigualdade.blogspot.com, vimos algunha curta e reflexionamos sobre ela, falamos de libros relacionados co tema e, sobre todo, debatemos sobre o sexismo no instituto, na nosa zona e tamén en xeral.



Encantaríanos tervos con nós, pois toda axuda é pouca e temos a seguridade de que os recreos de Igualdade van ser os vosos favoritos. Animádevos a participar na nosa loita pola liberdade!

**Laura Casal, 1º BACH**

## A HORTA ESCOLAR

Que hai na horta?

Na horta hai: borraxe, patacas, leituga, papoulas, narcisos, pementos, azafrán, cebolas, millo, fabas, porros, verza, fresas, sempre vivas...

Por que nos gusta?

Na horta pasámolo ben. Cavamos, sachamos e facemos outras cousas para que as plantas medren e as poidamos ver florecer. Así todos e todas podemos gozar despois do rico que saben todas as froitas e verduras que plantamos.

A Terra

A Terra é o noso fogar temos que coidalo, respectalo e non contaminalo, ela é a que nos coida e nos protexe.



**Lucía Souto**  
**Sara Davila**  
**Isabel Sanmiguel**  
**Enara González**  
**1ºESO**

## ENTREVISTA...ANDO

**Logo de celebrarse a Festa da Lingua, as nosas compañeiras do EDLG Ángela Aboy e Mónica Souto, tiveron a ocasión de entrevistar a Tonhito de Poi, nunha interesante conversa que vos transcribimos para que coñezades mellor o personaxe.**



### **Ti fuches un dos fundadores do "rock bravú", que queda en ti desa época?**

Imos ver, nós non fomos fundadores do "rock bravú", seica é unha cousa que está moi estendida pero realmente os fundadores do "rock bravú" foron un grupo que se chamaba Os Diplomáticos de Montealto. Nós participamos nun festival no ano 93 que se fixo en Chantada, que foi o primeiro festival de "rock bravú", pero nin fomos os precursores diso nin despois seguimos por esa liña. Si somos "rock bravú" polo que se entende de rock galego pero non fomos nin os precursores, nin os iniciadores, nin os fundadores diso.

### **Onde naceu Herdeiros da Crus?**

Naceu en Poi. Poi é unha aldea de tres casas que está en Ribeira. En Santa Uxía de Ribeira. E alí ensaiamos nun ghaliñeiro, alí foi o primeiro ensaio de Herdeiros da Crus. Si, naceu alí.

### **A quen se lle ocorreu a idea de formar un grupo?**

Pois estaba eu navegando, que andaba ó mar daquela, e tiveron un soño. Estaba durmindo no catre, no barco, e soñei que era un herdeiro da crus. E chamoume tanto a atención iso cando espertei que dixen "ostras... teño que facer un grupo con ese nome, que me parece marabilloso". E non sabía tocar a guitarra e xuntei a xente, ós meus vesiños, a Tuchíño que é o meu vesiño que tocaba a guitarra daquela, xa moito antes ca min e moitísimo mellor. "Imos facer unha banda..." e escapaba de min. "Pero que imos facer unha banda se ti nunca tocaches nada!" ... "Si, si que tiveron un soño e temos que facer unha banda", e fun chamando así e foi aparecendo o grupo, sobre todo de aí de onde eramos nós. E así foi como se formou a banda.

**E aparte de seguir mantendo os fans que tiñades nos 90 sodes coñecidos entre a xente máis nova. Que opinas diso?**

Pois iso é unha marabilla porque vese que a música está viva. Nós empezamos hai 20 anos, que vós non nacerades, e gustaba á xente da vosa idade, e se agora gusta aos que teñen 20 anos, ou 15, ou que sei, coa mesma forza e coa mesma paixón que hai 20 anos, entón para nós iso é...marabilloso. Ves como a música non ten idade, nin envellese nunca, ao contrario, hai cancións que transmiten toda a vida.



**Vós erades un grupo de moito éxito, por que decidistes separarvos?**

Porque a música é moi pasional e din que estando nunha banda de rock pásache a vida coma aos cans, din que cada ano dun can equivale a catro dun home. Entón na música paso o mesmo, é dicir, cando estás nunha banda pasan moitas cousas e nós estivemos moitos anos xuntos e vivimos moitas cousas e estabamos cansados; necesitabamos distanciarnos, investigar... Eu fun a Portugal a investigar novos sons e tocar con outros músicos. E coma se ti estás na casa da túa nai e estás moi ben, pero tamén necesitas saír a coñecer mundo, aínda que non che fagan a cama.

**Volvestes facer algúns concertos dende o ano pasado, significa unha reaparición definitiva?**

Ben, definitivo non hai nada, e sobre todo un grupo coma nós. Se volvemos é porque aproveitamos que faciamos 20 anos e queriamos celebrar, e sobre todo, e iso realmente é así, pola demanda que tiña o grupo. Antes non había redes sociais entón non sabías o pulso da xente, non sabías o feedback que tiña o teu traballo pero agora si e había cantidade de páxinas de "que volvan os Herdeiros". Voltamos pola xente e a xente respondeu, foi un éxito marabilloso. E agora imos sacar novo disco e imos seguir, volvemos para quedarnos, sempre que queira a xente, sempre.



**Ti es unha persoa moi polifacética. Fuches patrón maior de barco, actor, guionista, músico, escritor e agora tes a túa propia produtora, pero de todo iso que é o que máis che gusta, o que máis che apaixona?**

Mira, parece que nos forman nas escolas para unha soa cousa (hai que ser avogado, hai que ser médico ou estudar unha FP para ser mecánico), e iso non é verdade. Iso é mentira. Antes, no Renacemento, os grandes homes facían de todo, eran pintores, escultores, artistas, filósofos, matemáticos. Eran todo, facían de todo porque un home non só fai unha cousa. Entón ti dis que de todo iso que é o que máis me gusta? Pois gústame todo... a música encántame, actuar fascíname, escribir guións encántame. Que che podo dicir eu? Entendes? Non hai porque escoller nada, é todo.

### En que estás traballando agora mesmo?

Pois agora estou para a tele. Temos escrito o piloto dunha serie de humor que se basea todo no bar dun tanatorio. E con respecto á música, estou por un lado con Herdeiros que acaba de sacar novo disco e imos empezar xira, e por outro lado eu teño un proxecto persoal con música que fun aprendendo nas miñas viaxes. Nesta última viaxe fun á selva, á Amazónica, e da experiencia saquei un disco que se chama O soro da verdade e un libro, un diario que se chama Viaxe cósmica pola Amazonía.

Agora, o 15 de xuño, vou facer unha xira nun catamarán con visión submarina: imos coller xente de Vilanova de Arousa e Pobra do Caramiñal, pola noite, metémola no barco, levámola á illa de Sálvora, despois vemos a posta de sol en alta mar, dámoslle de cear alí no barco e despois fondeamos no medio da ría e damos un concerto. E esa xira chámase Viaxe cósmica pola ría de Arousa, e alí ensino os temas da selva con son cuadrafónico, que é un tipo de son que empregaba Pink Floyd e non se volveu utilizar máis... Nós utilizamos estéreo, que son dúas vías, pero este é son cuadrafónico, abre catro vías para ter máis amplitude.

E eses son os dous proxectos nos que estou traballando agora. E agora voume ás illas Azores a tocar alí.



### Ten boa pinta! Ti es ídolo de moitas persoas e non só no plano profesional, pero quen é o teu ídolo?

Ah! Pois, mira, encántame que me fagas esa pregunta porque realmente...iso de ser un ídolo... A min

gústame que guste o meu traballo, iso si, que á xente lle gusten as miñas cancións, que lle gusten os meus guiños, os meus programas... que lle guste o que fago. Pero de aí a ser un ídolo... iso é unha cousa que non comparto. Pero en cambio, eu si que teño ídolos e a eles lles pasa o mesmo. Por exemplo, Manu Chao, eu vou estar mañá con el e a el incomódao que lle diga eu iso, que el é o meu ídolo. E Santiago Auserón, outro gran mestre para min, e Rosendo Mercado, tamén outro gran mestre no mundo da música, dos que coñezo eu. E logo así a nivel máis internacional... con quen eu me crie musicalmente foi sobre todo Pink Floyd, e (sei que está moi manido dicilo e que lle gusta a todo o mundo, pero que é verdade) Os Beatles, foi unha banda que me emocionou completamente. E artistas como David Bowie, aconséllonos escoitar temas como [ponse a cantar]

"...ground control to major Tom ..." ese é un tema impresionante; a min a primeira vez que o escoitei púxome a pel de ghaliña. Ben, grandes bandas de rock, por suposto: ACDC, Deep Purple,... as grandes bandas...Os Rolling Stones, por suposto tamén. E dentro dos Beatles quero destacar a figura de John Lennon, polo compromiso que tivo naquela época na que había esa guerra absurda que estaba librando Estados Unidos en Vietnam e... el posicionouse claramente pola paz, entón é un artista tan comprometido, tan consciente, que me gustou. E claro...Elvis Presley tamén é un gran artista pero non se comprometeu porque non puido... entón eu valoro moito ó artista comprometido. Sabes?, o artista ten que ser persoa, e ten que ter opinión.

### **Como pasaches de ser Antón Axeitos a ser Tonhito de Poi?**

Outra moi boa pregunta. Ben!, foi cando nós gravamos o noso primeiro disco A Cuadrilla de Pepa a Loba. Ti imaxínate, naquela época gravar un disco era algo...fa quedar o teu nome aí para toda a vida. A min de pequeno, onde son eu, chamábanme Tonhito de Poi, porque eu son de Poi e era pequeno e era Tonhito. Entón dixeran eu "cando saia o disco quero que na aldea vexan que eu son de aquí, que poñan Tonhito de Poi", para respectar ós vellos que de pequeno mo chamaban. Foi por iso, por respectar a raíz.



### **Onde soes desconectar normalmente, cando queres apartarte do mundo?**

Nadando. Ben eu viaxo moito. Acabo de chegar da selva amazónica... e dei a volta ao mundo nun veleiro cando tiña 20 anos. Viaxo moito, para min viaxar é fundamental pero onde realmente desenchufo é nadando. Métome no mar e empezo a nadar, gústame mergullarme. A min gústame a pesca submarina en apnea, a pulmón. Tamén me gusta tamén navegar a vela; estou na confraría da dorna, que son embarcacións tradicionais a vela, e sempre levo as gafas e cando chegamos a un sitio, a unhas pedrifiñas aí na ría, sempre me meto, a investigar, ver que hai no fondo, ou con botellas de osíxeno tamén.

### **Entón o mar é o teu lugar favorito, o teu paraíso!**

De feito eu sempre digo que se o paraíso existe ten que ter mar, se non non sería paraíso. Si, si, o mar...ben o mar e o monte. A natureza é fundamental, para min si.

### **Como dixeches antes, hai pouco, un mes, dous...publicaches un libro que se chama O soro da verdade. Podes explicar de que trata e por que elixiches ese título que me chamou bastante a atención?**

O soro da verdade é o título do disco, o libro chámase Viaxe cósmico pola Amazonía. O soro da verdade está inspirado nunha frase que me dixo a min unha mestra alí na selva. Unha muller que tiña 98 anos, que tivo 22 fillos e estaba recta coa mirada lúcida e era increíble, cando me veu chegar, ela oficiaba unha cerimonia chamánica, e díxome " a ver quen es tu aquí, dentro da verdade logo!" E a min claro, impactoume tanto.... por iso se chama O soro da verdade. Porque eles danche unha medicina alí para beber e teñen os seus rituais, e entón non tes posibilidade de enganar a ninguén con ese tipo de medicinas porque che leva a sitios e te mostra como es. Es ese disco está baseado nos seus cánticos, e inspirado alí ; a selva é unha sinfonía marabillosa e eles conseguen cantar coas súas voces integradas naquela sinfonía tan increíble. Eu non fun capaz de gravar ese son, que non tiña equipo para gravar o son da selva, pero si gravei ós chamáns e os seus cánticos, e eu adorneino aquí con guitarras electrónicas...tratando de buscar esa sensación. E ese é o disco.

**Falando dos concertos...supoño que che pasaría de todo. Cal foi a experiencia que mellor recordas ou algunha que tes en especial?**

Home, a primeira vez que tocamos en Castrelos. Porque non tivemos transición. Nós pasamos de tocar de pé enriba dos amplis en Novecento, un pub en Ribeira que estaba todo "petado" e onde eran todos amigos a, de repente, ir a Vigo a un sitio que chaman Planta Baixa. Nós daquela xa tiñamos fama de tolos porque aos concertos ía moita xente e armabamos cada unha...

criminal...!, ás veces tiñamos que ir ó baño e non podíamos porque había tanta xente que non podíamos pasar, xa tiñamos un penico detrás da batería, porque bebiamos tanta cervexa que nos concertos tiñamos que mexar entón... xa tiñamos lío. Entón cando chegamos a Vigo vimos tanta xente fóra que pensamos "mi mal", xa pecharon o bar e non deixan que toquemos!" Que va, era xente que non podía entrar. Para chegar ao escenario tivemos que ir por riba da barra. Entón un empresario de alí quedou tan alucinado que dixo "vinde tocar a Castrelos". Nós non sabíamos o que era Castrelos. Castrelos é un anfiteatro enorme no que caben 20000 persoas. E nós non o víamos.

Leváronnos en coche e ao chegar alí, entro no escenario e cando levanto a cabeza case caio de cu. Todo o mundo berrando Herdeiros!!! Iso foi unha cousa de vertixe. Levantar a cabeza e ver iso, foi un dos momentos máis...da miña vida.

E outro momento foi que me tiraron unha pedrada, case me rebentan a cabeza. Tivéronme que sacar nunha ambulancia. Unha pedra de granito, que esa pedra téñoa eu no meu altar, e pon "recordo de Caranza" porque foi en Caranza, en Ferrol. Resulta que

cando cheguei ao hospital, o médico que estaba de urxencias era fan dos Herdeiros e dixo: "vaia eu quería ir ó concerto e non podía porque estaba de garda e veñen os Herdeiros aquí", aínda botamos unhas risas e agasalloume co traxe de médico. Ao ano seguinte volvemos tocar no mesmo sitio e cando empezamos o concerto dixemos: "quen estea libre de pecado que lance a primeira pedra pero na última canción" e volvemos tocar para demostrar que non temos medo a nada.

**Pero ademais vos triunfastes co galego, pero co galego da terra! E a min sorpréndeme porque moita xente pásase ó castelán, ou ó inglés e mesmo ó francés, porque pensan que así van ter moito máis éxito, ou se cantan en galego, cantan en galego normativo. Por que decidistes vós cantar en galego con seseo e gheada?**

Pois non decidimos. Non foi premeditado. De verdade que non foi premeditado. Na miña opinión a música está por riba do idioma. Pero á xente que canta normalmente castelán, eu aconséllolle que cante en castelán. Non hai que forzar, sabes? Se ti non teu vivir diario falas castelán e queres transmitir algo tes que falar o que ti sentes. Eu son nacionalista galego. Eu son así. Eu son da terra e creo que esta terra ten identidade propia, e para nada me sinto español, nin nada diso. Iso é verdade, iso en canto ao meu sentimento. E canto máis coñezo máis o digo. Non creo que faga falta independencia nin nada diso. Creo que non, podemos estar nun estado como España sen problema, pero a nosa identidade de pobo si é importante.

Saquei un libro en galego pero a normativa está tan diluída...eu vou a Portugal e prefíren que escriba en castelán. O galego...cando aprobaron a normativa non tiraron para o lusismo, nós somos a nai do portugués e do brasileiro pero estivemos bloqueados tanto tempo que o noso idioma non medrou. Eu non quero que se faga música de pancartas, a música está por riba diso, primeiro namora, e nós cantamos o que daquela época sentiamos porque nós falabamos así. E á xente chamoulle a atención. Cando nos dicían "falades con seseo e gheada"... pero o que, ho?, pero ti que dis!? Nós eramos os primeiros sorprendidos, entendes?, non tiñamos nin idea. Por iso che digo que foi sen premeditación ningunha. E insisto, eses grupos que buscan un idioma para triunfar non se dan de conta de que realmente estanse preocupando máis polo papel de regalo que polo regalo en si. Porque a música está por riba do idioma. Porque o que hai que facer son boas cancións, e facer o que ti sentes. Facer a música con outro idioma para triunfar...non sei...non lle vexo moito senso. A verdade.

**Ti es galegofalante, pero moitos rapaces de hoxe están a perder a lingua nai, non sei, porque os seus pais pensaron que era mellor ensinarlles castelán ou porque eles decidiron pasarse. Ti que lles dirías para animais a falar galego?**

En primeiro lugar que non é culpa dos seus pais. Aquí deuse unha represión terrible. Nós non somos co nscientes diso, porque hai moitos anos, e nin eu o vivín, e vós moito menos. Pero si houbo

unha represión na que á xente... dicíanlle para humillalos: "habla en cristiano". Entón ti imaxina xente como

a miña avoa, que ela naceu no ano 3, cando estalou a guerra e se prohibiu o galego; ti imaxina: de repente dinlle que o seu idioma non valía, por que non vale o teu idioma?, de repente es un pailán falando o teu idioma e esa humillación que recibían... Miña nai ten unha cicatriz.. .dun garda civil que que deu un golpe cunha porra, non quixo facerlle dano pero ao final fíxolle un corte por estar falando galego coa súa irmá indo ós cines. Iso foi unha loucura. Ou cres que os nosos avós eran máis parvos ca nós? Ti cres que o teu avó era máis parvo ca ti? E mira o que tiveron que sufrir. E ti cres que non se pode repetir? Hai que ter coidado. Por iso hai que protexer esta democracia. Meu avó estivo sete anos escapado no monte, ti imaxina esa xente que se enfrontou a Hitler e a Franco, ti non ves nesas documentais xente que se enfrontou a esas barbaries coa súa vida para defender a democracia...? Iso é tremendo. Entón esa xente o que fixo foi protexerse e falar en castelán porque había unha represión. E agora a estes rapaces o que lles diría é que se o senten así, sen imposición, nin nada, que falen galego porque o galego é unha sabedoría, porque é un idioma moi antigo. Miña avoa collía a terra e dicía: "esta terra aínda ten nai", ti imaxina que profundidade!: la tierra tiene el ph adecuado [di con ton de mofa],e o noso idioma é moito máis antigo que o castelán, unha sabedoría intrínseca que é unha pena que se perda, entón é por iso. O idioma en si ten moita sabedoría.

**Á parte, o noso idioma é unha riqueza!**

Totalmente

**Pois acabamos. Moitas grazas.**

Grazas a ti.

**Ángela Aboy, 2º ESO**



## HOMENAXE...ANDO

**As Letras Galegas 2013, dedícanse á figura de Roberto Vidal Bolaño. Para saber da súa vida e obra hai numerosas biografías (moi recomendable a titulada: Un chapeau negro e un nariz de pallaso) e material de consulta, mais velaquí unha pequena mostra da súa xenialidade e compromiso social nunhas frases dalgunhas das súas obras:**

Os auténticos revolucionarios somos nós, a xente de a pé. Cada un no seu. Non contribúo eu á redistribución da riqueza roubando carteiras? Pois iso...Se todo o mundo soubese facerse con eles coa limpeza con que o fago eu, non habería que mudar nada, só as carteiras de peto... Ou non?

Mar revolto (2001)

Os fillos nunca saen como un quería. O que non quere dicir que saían peores...Tanto o seu fillo coma o meu non fixeron outra cousa que seguir o seu propio camiño, por torto que fose. Iso non os fai mellores fillos, pero fainos mellores homes.

Doentes (1998)

Non abandonei a pasma para ganar diñeiro. Para ganar diñeiro un non se dedica a isto; atraca bancos, especula en bolsa ou métese en política. Seguimos en marcha, rapaz, funcionando coma reloxos, e iso é o que importa...

Anxeliños (1997)

Dende moi adiante vese todo deforme. As proporcións altéranse. Unha tipa pequena pódete acabar parecendo grandiosa. E unha grandiosa, interminable, inmensa. Desde demasiado cerca nada é como debería.

Integral (2003)

Por que será que tódolos que son coma vostede lle teñen tanto aprecio á cordura? É a que os ergue pola mañá cada día á mesma hora, ou a que os ten dicindo que si a todo o que desprezan. O seu fillo aborrecía dela. Quería ser músico nun mundo no que mandan as sirenas. Se é certo que todos o apreciabamos tanto, rindámoslle esta sinxela homenaxe.  
(colle os cartos e préndelles lume. Comeza a se escoitar ao lonxe a dous borrachos cantigando unha habanera).  
Saxo Tenor (1993)

Non existe un pobo  
con alma sen poetas  
que o canten



Roberto cal  
cantante soul,  
rachou a alma  
galega en cada  
un dos seus  
textos!

Se chegásemos ás portas do inferno e preguntásemos aos condenados: Hai alguén entre vós que teña ido a Compostela? Miles de almas responderían a un tempo: Temos ido! Temos ido! E sería certo. Mais non por iso deixarían de estar condenados o mesmo. A Compostela soamente viaxan os tolos, os endiañados ou os inxenuos.  
Días sen gloria (19939)

## INVESTIGA...ACCIÓN

### ENSAIO A CON-CIENCIA

**Por 2º ano O EDLG o os departamentos de ciencias convocamos o concurso Ensaio a CON-ciencia coa intención de que os e as científicos do insti poidades desenvolver a vosa vocación. Este curso, por desgraza, a convocatoria non tivo moito éxito mais de todos xeitos aquí vos deixamos unha mostra, é o que hai! Formación e entretemento!!!**

#### INTRODUCCIÓN

Ó longo da historia da humanidade o cianuro foi o veneno por excelencia. Nerón, os nazis, e incluso o exército americano, botaron man deste famoso veneno para dar morte ós seus inimigos e incluso, en casos extremos, para quitarse a vida a si mesmos. Os casos de suicidios por envelenamento de cianuro repítense en moitas ocasións durante a II Guerra Mundial. Neste contexto bélico, os espías nazis que eran descubertos polos inimigos inxerían o cianuro e así, provocando a súa morte, evitaban ser capturados e que os torturasen para que revelaran información militar, transcendental nesas anos de guerra. Se estes eran os casos máis habituais, non foron os máis soados. O caso de morte por inxerir cianuro por "propia vontade" que máis se coñece é o suicidio de Hitler (que acompañou esta inxesta cun tiro na cabeza, por se acaso).

O porqué desta preferencia polo cianuro como método de suicidio é ben sinxela: é moito máis fácil agochar unha pílula de cianuro e inxerila que levar agochada unha arma e dispararse. E ambas solucións son iguais de efectivas.

#### HIPÓTESES

Tendo en conta as experiencias descritas antes, preséntanse varias hipóteses:

- a) A inxesta de cianuro é letal. A morte é inevitábel.
- b) Unha mínima cantidade de cianuro é suficiente para dar morte a alguén.
- c) O cianuro non debe afectar só a un órgano. A morte é tan rápida que ten que afectar a un proceso xeral de todo o corpo.



**Gelo Cubreiro**

## EXPERIMENTACIÓN


Para argumentar e dar veracidade ás hipóteses que expuxen, preciso dar a coñecer (dun xeito moi xeral) o funcionamento do noso metabolismo.

Para comezar é importante definir qué é o metabolismo. Pois ben, o metabolismo simplemente é o conxunto de reaccións que ocorren nas nosas células. Grazas a estas reaccións, obtemos os produtos que o noso organismo precisa para vivir. Estas reaccións só ocorren cando os substratos (elementos dos que partimos para obter os produtos) están activados, é dicir, aplicóuselles unha enerxía, e o único xeito de volver a un estado estable é transformarse en produtos.

Estes produtos que se conseguen a partir destas reaccións teñen que ser obtidos dun xeito inmediato, cando as células os precisen. Por exemplo, dende que sentimos que estamos queimando un dedo ata que o noso cerebro ordena retirar a man do lume pasan tan só milisegundos. Pois esa información que chega ó cerebro e esa orde que hai que executar non son outra cousa que reaccións en cadea do sistema nervioso, polo cal, a velocidade coas que deben ser realizadas é alta.

Canta máis enerxía haxa que aplicarlle a un substrato para transformalo nun produto, máis lenta é a reacción. Para solucionar o problema da velocidade da reacción hai dous métodos: aumentando a temperatura da reacción ou rebaixando esa enerxía de activación. No caso dos seres vivos, a primeira opción é inviable (o noso organismo non pode soportar tan altas variacións de temperatura) polo que a solución é rebaixar esa enerxía que os substratos precisan para dar lugar ós produtos. Aí entran en xogo os encimas.

Os encimas son unhas proteínas que nas reaccións metabólicas xogan o papel de catalizador, é dicir, que regula a velocidade dunha reacción. Xusto o que o noso organismo necesita.



Isto ocorre xa que, en gran medida, as encimas axudan a que os substratos se unan, o que fai que aumente a velocidade de transformación de substrato en produto.

Como é de supoñer, as nosas células non precisan sempre dos mesmos produtos, nin a mesma velocidade, polo que estes encimas non poden estar sempre "en funcionamento". Para controlar a acción dos encimas existen dous mecanismos de regulación: a activación e a inhibición (esta última é a que nos interesa neste caso).

Dentro da propia inhibición, podemos distinguir entre dous procesos: a inhibición irreversible e a reversible. En ambos casos o que ocorre é que un "inhibidor" axúntase ao encima, impedindo que a el se xunte un substrato e se produza a reacción. Se nisto ambos procesos (inhibición reversible e irreversible) son iguais, hai nunha característica na que difiren por completo: o tempo que o inhibidor está axuntado ao encima.

Como ben se intúe polos nomes destes procesos, nun dos casos (inhibición irreversible) o inhibidor asóciase por completo ao encima, xa que se axunta a el mediante enlaces covalentes (moi fortes). Esta gran forza, difícil de vencer, fai case imposible que encima e inhibidor se separen. Velaquí a cuestión. É ben doado imaxinar que, se un inhibidor se xunta por sempre cun encima, este encima non poderá catalizar (aumentar a velocidade) de reacción ningunha. Se algunha reacción de gran importancia carece dun encima que a catabolice e que sexa quen de levala a cabo, esta non poderá realizarse, o que derivará nun problema grave no organismo.

Tendo en conta todo o que se leva exposto, é doado intuír que papel xoga o cianuro en todo isto. O ión cianuro actúa como inhibidor da encima citocromo oxidasa. Esta inhibición, por suposto, é irreversible. A encima citocromo oxidasa é vital na respiración aerobia. Cando o ión cianuro se adhire a esta encima, inhibe o transporte de electróns na mitocondria (orgánulo das células animais onde ocorre a respiración). A grosso modo podemos dicir que fai que cese a respiración mitocondrial e a xeración de enerxía, pola cal a célula morre. Ademais, a falta de osíxeno provoca que o metabolismo pase de aerobio a anaerobio (igual que ocorre cando facemos un exercicio moi intenso). Isto provoca que a partir desta ausencia de osíxeno no metabolismo, comecemos a acumular lactato no sangue, o que provoca que o sangue se volva "máis acedo", dando lugar a unha depresión do sistema nervioso e a un paro respiratorio.

## CONCLUSIÓN

Tendo en conta todo o exposto podemos dar resposta ás nosas hipóteses e desmentilas ou confirmalas.

En primeiro lugar, ante a resposta de se o cianuro é mortal, vou empregar unha expresión moi nosa: depende. Se as cantidades son suficientes (abonda con inxerir cianuro do tamaño dunha pílula) e non estamos previstos dun "antídoto", é totalmente inevitábel a morte. Pero a cuestión é: existe un antídoto? A resposta é afirmativa: a hidroxocobalima inhibe os ións de cianuro, dando lugar a vitamina B12 e expúlsase polos ouriños.

A segunda hipótese é a referente á cantidade de cianuro. É preciso inxerir moito cianuro para morrer? Neste caso a resposta non é tan positiva. Abonda cunha pílula que conteña cianuro para morrer se a inxerimos. E isto foi unha das "vantaxes" pola cal o cianuro era elixido polos espías alemáns: a facilidade de agochar a pílula.

Finalmente, a última hipótese refírese ó tocante á especificidade ou non da acción do cianuro. Como xa vimos, este envelenamento implica a todo o corpo, xa que todas as células realizan a respiración aerobia e, polo tanto, vense afectadas.

**Borja Montáns, 2º BACH**



Gelo Cubreiro

## ENREDA...ANDO

### FRASES CÉLEBRES E GRACIOSAS DO PROFESORADO

**Celia:**

E xa está o outro metendo cizaña  
Xa esta ese coa casuística

**Teresa:**

Ferpecto  
Teresa é a mellor profe, A Celia que vas !!!!  
A xirafas están un pouquiño tolas, non vos parece?  
Ehh que esto non é normal ehh

**Gema:** ( sempre a unha alumna)

Mi niña

**Loli Maceiras:**

Que, ¿va quedando?  
Obtención Alsacia y Lorena  
Saca esa mochila de la mesa que os sirve de parapeto y...  
¡Ay! tan escueto  
Si faltáis yo os pongo falta... a los que falteis

**Luís Fajundes:**

Non é parvo o que pasa e que é adolescente  
A pelota está no voso tellado  
Codo dereito e codo esquerdo  
Tres metros de calamar! Iso daba para moitos bocatas, eh!

**Ricardo ( o conserxe):**

A onde vas?

**Dieguez:**

Oxalá souberamos a formula química da felicidade!

**Silvia:**

Hoxe estamos todos de mala milk

**Mª José:**

Que tengáis un buen fin de semana

**Loli Castro:**

¿Os acordais? No creo, pero prefiero pensar que sí (agarrando a cabeza)

**Pedro:**

Algunha dubidubidá? ( acompañado de movementos)

**Ángeles:**

Eu xa entrén

**Suso:**

E quen o fixo? A nai Naturaleeza.

**Abadín:**

Adenina, adenina, adenina, adenina, adenina, adenina, adenina...

**Arturo:**

Que guai, oye!  
Que bien, oye!  
Por los donuts de caperucita !  
Chin, chun guaun!  
Estaba tolo da cabeza

**Conversacións:**

Teresa: What ´s the best teacher in the school?

Alumno: Osc...

Teresa: Que non contestes, pesado, que non quero sabelo.




## SERÁ CONTO?

Aínda o lembro coma se fose onte. Eramos 35 na aula, e tiñamos 9/10 anos. Era o profe de mates. Eu adorábao. Ese camiñar ergueito, eses ademáns e seguridade co que impartía a clase, a súa ollada desafiante aos máis rebuldeiros. Parecía un vaqueiro do oeste, impondo a lei con frases certeiras e cortantes coma navalladas ao vento, inquirindo difíciles cálculos ao alumnado. Pero o que máis agardaba eu era que me mandase saír ao taboleiro e completar esas series complexas de números.

Cada día chamaba a un compañeiro e ao saír espetáballe: - Como vai iso, sheriff!. Eu ficaba pampo, e envexaba ao alumno a quen disparaba esa frase de benvida. Pasaban os días e non me chamaba, e sempre a frase - Como vai iso, sheriiff! resoaba coma fogo de artificio nos meus ouvidos. Pasaban as semanas, que logo foron meses. E entón, chegou o día... Saín eu tamén todo ergueito e enchido de orgullo ao taboleiro, e foi daquela cando me matou de verdade, matoume como cada día antes, cada semana pasada, como sempre el fixera, cando me espetou coa súa ollada fría e penetrante: - Como vai esta serie?

**Pedro Lamas**



**Sergio Monteagudo**

Nun dos primeiros anos como profesor acompañei a un grupo de alumnos/as de 4º da ESO de excursión á zona de Barcelona. Un dos alumnos que "íaa de listillo pola vida", cando chegou ao aeroporto de Lavacolla para facturar, antes do embarque, púxose na cola e cando lle tocou a el, despois de comprobar os datos, a empregada da compañía aérea púxolle a maleta na cinta transportadora e "o listillo" pensando que tiña que ir con ela TAMÉN SUBIU NA CINTA. As risas do resto oíronse en todo o aeroporto e durante toda a excursión foi coñecido como "O MALETAS". Unha cura de humildade na vida non vén mal.



### Pepe Escudero

O outro día pedíume meu pai que lle chamase a Telefónica porque sei que non tiña liña no fixo, que el xa chamara e xa llo viñeran arranxar pero o resultado fora quedar sen liña, que seica xa non aturaba falar máis cunha máquina e que chamase eu. Alá fun. Saíume a máquina, claro!, que me ofreceu a posibilidade de que me atendese un operador e ademais deume a escoller se quería que me atendesen en castelán ou galego. Estupendo. Marquei os números que se me indicaron e ao momento respondeume unha voz con acento cubano que me dicía...

- Buenas tardes, le atiende Wilson, en que puedo ayudarle? - Unha máquina é certo que non era pero no do idioma...

- Ola Wilson, chamo porque no nº..... non hai liña e ... - explíqueille o caso.

Wilson molestouse en comprobar e a contestación foi que ese número fora dado de baixa. Como lle dixen que iso era imposible pasoume co departamento comercial. Logo da correspondente musiquiña relaxante escoitei de novo:

- Buenas tardes, departamento comercial, le atiende Judit, en que puedo ayudarle?

Conteille o meu problema a Judit quen me pediu todos os datos do titular da conta, pero como non podía darlle o seu DNI (non sei o nº do DNI de meu pai de memoria!!!

) decidíu que non podía axudarme. Fun averiguar o dato e volvíu empezar. Atendeume Nelson, Caroline, Luís e Elina e con todos se repetiu o mesmo diálogo, iso si, deleiteime cos acentos de Venezuela, de Arxentina e de Ecuador. Creo que asustei un pouco a Luís cando lle dixen que como volvese poñerme a mesma música ía ser responsable dun suicidio, e non ma puxo: - No se angustie, señora, ya yo no le pongo la música pero usted no cuelgue el selular, en un momento le atiende un compañero del departamento técnico. E como non me ía angustiar? Levaba corenta minutos de oca a oca e aguanto porque me toca!!! Ao seguinte Wilson-Nelson xa non lle falei, ladreille, e foi nese momento cando do outro lado do teléfono alguén se deu de conta de que había un problema de comunicación e decidíu solucionalo:

- Disculpe, señora, es que no entiendo muy bien su idioma. Voy a pasarle con alguien que hable catalán!

O de que pasaba co teléfono cóntovolo outro día.

### Ana Rial





Chegou o día de corrixir un exercicio sobre profesións e actividades en inglés en 1º de Bacharelato. Para que non resultase tan tedioso, a intrépida profe decide intercalar preguntas para mantelos algo atentos. Resultado:

Estudante X : invent – inventor

Profe: Can you give the name of a famous inventor?

Estudantes varios: Edison! Marconi!

Teacher: Good!

Estudante H: sing – singer

Profe: Can you give me the name of a famous singer?

Estudantes varios: Eminem! Cañita Brava!

Profe: Excellent!

Estudante Z: explore- explorer

Profe: Can you give me the name of a famous explorer?

Estudante absorto da primeira fila: Internet explorer!

**Teresa Carballo**

Hai bastantes anos, traballando nos Equipos Psicopedagóxicos de Apoio (EPSAs), xa desaparecidos, chamáronme dun colexio solicitando asesoramento para a escolarización dun alumno estranxeiro que se incorporaba ao Centro.

O alumno era marroquí e a penas falaba castelán. Sabía árabe e francés. Eu chapurreaba algo de francés e así fómonos entendendo máis ou menos. Nos números, as contas ... non houbo problema; o mozo era espelido. Para coñecer un pouco a súa situación empecei a preguntarlle sobre cousas da vida. Contoume que vivía co seu pai, tíos e primos e que se dedicaban á venda de alfombras nos mercados. A súa nai e irmáns quedaron en Marrocos. Pregunteille sobre os coidados, quen o atendía, a comida... Sobre este tema contestoume "non me dan". Estrañoume e preocupoume a resposta. Fiei máis fino e díxenlle: "a ver, á mañá, que almorzas?"; resposta "non me dan"; "e, á comida?", "non me dan". Puxen máis atención á resposta, pedínlle que repetira e... aclarouse a situación: o que eu entendía como "non me dan" na realidade era "Ramadán" (o mes de xaxún dos musulmáns). Non almorzaba nin comía porque era cumpridor cos seus preceptos.

O rapaz era un fenómeno; escribía en árabe de dereita a esquerda e en francés ou castelán de esquerda a dereita, e tan pancho.

**Miguel Oubel**

## VIAXA...ANDO

### PROXECTO TERRA

#### Diario da viaxe a Guimaraes (Portugal)

1º Día. Martes, 7 de maio.

Chegamos ás 11 da mañá á Citania de Briteiros (a 15 quilómetros de Guimaraes), puidemos ver unha serie de castros, dos cales un arqueólogo nos informou. Ás 12:30 xantamos todos xuntos na zona da cafetería. Logo, fixemos un pequeno percorrido guiado en autobús ata Guimaraes, alí explicáronnos cousas sobre a cidade e a guía tamén nos levou a unha igrexa que fora reformada cos cartos recadados entre todos os veciños daquela vila, e a verdade quedou ben bonita. Tamén visitamos un mosteiro que hoxe en día é habitado por unha familia. Despois, fomos en teleférico e puidemos gozar da paisaxe ata chegar a unha vila situada no alto. A guía continuou coas explicacións e logo baixamos ata o centro, e tivemos tempo libre. Logo fomos á pousada, co reparto de habitacións, ceamos e ás habitacións (ben... non todos).

2º Día. Mércores, 8 de maio.

Erguémonos moi cedo, que cariñas tiñamos todos! Almorzamos e recolleemos as habitacións. Chegou a guía, fomos visitar a área de rehabilitación de Couros. Vimos unha fábrica de peles. Logo fixemos unha actividade en grupos sobre o centro histórico, que consistía en buscar información para cubrir un cuestionario, para o que tiñamos que preguntarlle á xente da vila. Ao rematar visitamos un castelo e un palacio. A algún esta parte fíxoselle longa pola falta de sono, pois a noite tamén fora longa...Volvemos á pousada a xantar, tivemos algo de tempo libre e xa no autobús de volta ninguén se librou de caer durmido!

#### Elena Ledo e Diana Touceda 3º ESO



## VIAXE A ARAGÓN



Saimos de Caldas pola mañá, estabamos cansos así que moitos puxéronse a dúmhir mentres que outros pasaban o tempo. Cando anunciaron que o autobús dispoñía de wifi todo o mundo se alegrou e deixaron de facer ruído. Fixemos varias paradas, para comer e descansar, nas que nos dedicamos a escribir no diario de viaxe. Chegamos moi cansos a Astún, pero aínda nos quedaron forzas para ter unha pelexa de bólas de neve cuns rapaces do hotel.

Ao día seguinte, despois de almorzar, déronnos o programa que había que seguir todas as mañás: dúas horas de esquí, unha hora para comer e unha hora de esquí despois de comer. Para todo isto déronnos unhas tarxetiñas que eran necesarias para esquiar e poder ir ao comedor e, como non?, se se perdía había que pagala, así que acabamos bromeando entre nós sobre o tema da fianza do hotel.

A moita xente gustoulle o esquí, a outros non tanto... Houbo moitas caídas graciosas e algúns tiveron que pasar por enfermería, aínda que creo ao ao final todos o pasaron ben.

Polas tardes, despois de esquiar, visitamos moitos sitios: Jaca, onde un grupo chegou tarde por comprar unha pizza (a comida do hotel non nos gustaba moito); unhas covas nas montañas, que foron creadas pola auga co paso do tempo e que durante a Guerra Civil se usaban como cárcere; e o último día fomos patinar sobre xeo.

Por certo, como sempre temos que armala dalgunha maneira, rompemos un ascensor, pero ao final todo quedou nuns risos e non pasou nada, e os profesores foron moi bos connosco ao non berrarnos.

Ao final xa ninguén quería volver ao instituto, pero non quedaba outra

### Sara Couso, 4º ESO



## DESTACA...ANDO

**Ás veces pasa que admiramos as grandes estrelas do deporte, da música... e non somos conscientes de que ao noso carón temos compañeiros e compañeiras que tamén son moi grandes, por iso coma nun ruxerruxe vos facemos chegar cousiñas que imos sabendo... Ai vai unha nova entrega.**

### Que sabemos do rapeiro Jesús Alonso?

**-Dende cando estás en FCW? Que significa para ti estar no grupo?**

- Levo dende hai dous anos con eles, aínda que eu xa facía as miñas piruetas dende hai catro anos jajaja.

Para min significa, sobre todo, desafogarse, coma se fose un diario persoal: dende o máis sentimental ata a maior rabieta que teña.

**-Temos entendido que o voso é o rap político. Atopádesvos con trabas ou rexeitamentos por elixir esta temática?**

- Ultimamente estamos tirando non polo político, senón polo social. O noso peso é escaso, ou case nulo: temos a mesma importancia e influencia que calquera persoa de a pé. Pero si nos atopamos con rexeitamentos.

**-Facedes rap en galego?**

- Si. O máis abundante nos nosos raps é o castelán, mais estamos creando algún en galego, porque son dúas linguas que coñecemos e teñen igual importancia. Pódese dicir que imos por etapas.

**-Como cres que se atopa actualmente o panorama do rap galego?**

- Penso que é excesivamente escaso. Hai referentes que todos podemos coñecer, como Dios ke te Crew. Aínda que tamén existen grupos menos coñecidos e pouco a pouco vaixe expandindo a cultura. Nós non escoitamos discos, funciona o boca a boca. "Escoitaches a este colega da Coruña que fixo tal cousa?" "Viches o novo deste outro?"... Estamos todos no "maqueteo" . O que paga a pena non o tes que buscar: chega a ti. A pena é que en galego pouco chega.

**Laura Casal**



### Que sabemos dos campións Miguel Fariña e Esteban Ferreiro?

**- Cantos anos levades no mundo da Natación? E competindo?**

- Miguel: No mundo da natación 4 e competindo 3.

- Esteban: Eu levo 3 e competindo 3 tamén.

**- A que nivel?**

- Infantil.

**- Cantas horas adestrades á semana?**

- Unhas nove horas e media máis ou menos.

**- Onde soedes adestrar?**

- Durante todo o ano na piscina municipal de Caldas e no verán, os sábados na praia.

**- Calfoi a vosa mellor experiencia ?**

- Miguel: Os campionatos de España 2012.

- Esteban : Os campionatos de España 2013.

**- Estivestes nalgún encontro da federación ou selección Española?**

- Esteban : Na selección Galega.

**- A quen escollen para estes encontros?**

- Miguel: Os 4 mellores deportistas.

**- Ti es galegofalante, cando asistes a encontros e competicións tes algún problema coa lingua?**

- Miguel: Eu non teño ningún problema coa lingua.

- Estaban: Dentro de Galiza por suposto que falo galego, no resto de España non porque non me entenderían. Non teño ningún problema coa lingua.

**- Verémosvos algún día nun campionato importante?**

- Si.

**- Elogo que campionatos hai este ano?**

- Campionato de España e " ocean man".

**- Credes que o tedes moi complicado?**

- Miguel: Nalgunhas probas si.

- Esteban: Si, hai moito nivel.

**- Polo que sabemos sodes uns dos mellores da selección galega e española pero, tendes algún recoñecemento?**

- Miguel: Trofeos, medallas saír na televisión etc.

-Esteban: Medallas, saír no xornal etc.



Ángela Aboy

**Que sabemos dos xogadores de horseball? Falamos con Carlos Ferreiro e Raquel García**

**-Cantos anos levades no mundo da equitación? E do horseball? E competindo?**

- Raquel: No mundo da equitación 10, no horseball 3 e competindo tamén 3.

- Carlos: Na equitación dende os 2 anos, no horseball dende o verán e competindo tamén dende o verán.

**- A que nivel?**

-A nivel autonómico e nacional.

**- Cantas horas adestrades á semana?**

- Raquel: Máis ou menos 4 días á semana, 2 horas cada día.

- Carlos: 7 horas, aproximadamente.

**- Onde soedes adestrar?**

- Raquel: En Romai.

- Carlos: No monte ou no picadeiro.

**- Os adestramentos sóenvos tempo de estudo?**

- Raquel: Non, organizo o tempo para adestrar e para estudar.

- Carlos: Non, hai tempo para todo

**-Cal foi a mellor experiencia?**

- Raquel:Pois foi cando gañamos o noso primeiro torneo contra Madrid, levabamos un ano seguido sen gañar nada porque non nos entendíamos.E foi a satisfacción de que despois de adestramento duro, pódense conseguir as metas



**-Estiveches nalgún encontro da federación ou selección española ?**

Raquel: Non, a tanto non chego pero si na selección galega. A miña meta é chegar á española aínda que é moi difícil.

**- Tendes algún premio?**

- Algúns trofeos de torneos.

**- Sodes galegofalantes cando asistides a estes encontros? Tedes algún problema coa lingua?**

-Raquel: Non, non adoito falar galego, peronon teño ningún problema coa lingua, é mais, encantáriame falala.

Carlos: Non, eu non teño ningún problema coa lingua, de feito eu sempre falo galego.

**Ángela Aboy**

## **Que sabemos dos grandes músicos que hai no insti? Entrevistamos a Oscar Vázquez!**

**-Cantos instrumentos tocas?**

-Tres

**-Cal é o teu favorito?**

-O trombón.

**-Cantos anos tiñas cando fuches por primeira vez a unha clase de música?**

-Catro anos

**-Xa gañaches algún concurso? Cales?**

-Si dous: o 1º premio no concurso da Estrada e tamén o 1º no concurso online, ademais varios premios coa banda de música.

**-Cantos anos levas estudando no conservatorio?**

-Sete anos

**- E cantas horas ensaias á semana?**

- Unha hora e media case todos os días.

**- Á parte de teus pais, hai na túa familia alguén que toque?**

- Todos tocan instrumentos.

**- Cal é a túa meta?**

- Chegar a tocar nunha orquestra sinfónica.



**Mónica Souto**

## **Realmente sabemos de fútbol? E que hai da xogadora Bárbara Sierra?**

**- Canto tempo levas xogando ao fútbol?**

- Fai catro anos, este é o quinto.

**- Antes de xogar nun equipo feminino, xogabas nun equipo mixto no cal a maioría eran homes, como te sentías?**

- A verdade é que no Portas, dentro do equipo, estaba ben, era unha máis. Aínda que cando xogaba contra outros equipos parecíalles raro. Pero prefiro o fútbol feminino porque os rapaces tiñan case todos máis corpo ca min e era máis difícil.

**- Que opinas sobre que non se potencie o fútbol feminino?**

- Pois que é un deporte coma outro calquera e deberían recoñecelo como tal, España é un dos poucos países que ten liga feminina e representantes na Champions, incluso a selección vai a xogar a Eurocopa, e creo que iso debería ser un orgullo e deberían apoialo. Hai moitas xogadoras que teñen que marchar de España para poder ser profesionais como Verónica Boquete.

**- Cando entraches na selección galega de fútbol feminino?**

- En Decembro do ano pasado, aínda que as convocatorias empezaron en Outubro.

**- Cres que actualmente hai un bo nivel no fútbol galego? (Celta, Depor, Lugo.)**

-Eu creo que si, dous equipos en primeira e un en segunda... independentemente de como estean clasificados. Non hai máis que ver o gran derbi entre Celta e Depor, é un clásico no fútbol español.

**-Que che parece a desaparición da selección galega de fútbol?**

-Creo que Galicia debería ter un equipo que a representase, sería o idóneo.

**-Moitas grazas, Bárbara, pola túa colaboración para "RUXE-RUXE".**

- De nada, home...



Damián

## FALAQUIS 2013

Coma nos cursos anteriores, no Ruxe-Ruxe queremos recoñecer publicamente o mérito daquelas persoas do centro que máis se comprometen co seu traballo ou co seu exemplo na defensa da nosa lingua. Ás veces premiamos o esforzo por comezar a falala, outras o orgullo por empregala en calquera situación e outras o compromiso na súa difusión. Este ano pareceunos xusto recoñecerlle o mérito a un grupo de alumnas que, cada unha ao seu xeito, destaca polas tres cousas. Non é que non haxa moita máis xente no centro que tamén teña este mérito é que, simplemente, elas levan formando parte do Equipo de Normalización dende que chegaron ao centro e agora que se van queremos recoñecerllo: elas deron nome á Caldeirada de Letras, contaron contos a netos e avós, fixeron teatro, fixeron cine (actrices, cámaras, guionistas...), foron escritoras, deseñaron campañas de concienciación, fixeron entrevistas..., que non fixeron?

En fin, Antía,  
Cristina, Claudia,  
**sodes Falaquis!!!**



## REFLEXIÓN...ANDO

### DAR COA LINGUA

Aprendín o galego escoitando falar aos meus pais e avós. A nós, aos máis pequenos, falábbanos en castelán e só os meus irmáns, os que xa remataran os estudos, podían participar nas conversas dos maiores que se desenvolvían en galego. Hoxe sei que isto facíase porque no colexio só se podía falar castelán e "era de burros" cometer erros debido ás inxerencias da nosa fala.

Tamén aprendín galego escoitando á xente de Meis. Si, son meixiño, pero tamén me sinto paraugueiro porque toda a miña familia é de Ourense. O xeito de falar é moi distinto pero entendía todo sen problemas. Ben, teño que confesar que ao principio tiña moitos problemas pero era porque intentaban falar-me castelán (eu era o fillo do "maestro") e non adoitaban facelo, polo que lles saía unha especie de castrapo con acento de xente escollida que... Non me custou moito facerlles ver que aquilo era unha parvada!

Pois si, aprendín galego moi cedo e moi rápido pero... Non falaba unha palabra en galego! Intentaba falar algo cos amigos pero ao igual que eu me ría deles polo seu castrapo, eles o facían do meu galego "orensano fino acastrapado". Así que eles remataron por falar o que mellor sabían, o galego, e eu o castelán como era propio do fillo dun maestro.

Pasaron os anos e o castelán seguiu sendo a única lingua na que me expresaba. En C.O.U. tiven por primeira vez lingua galega como materia avaliable. Na carreira só me lembro de Bituco (zooloxía mariña) como único profesor que impartía as súas clases en galego. Ao mesmo tempo, eu non era alleo aos acontecementos sociais e políticos que se estaban a dar e fun achegando o meu diminuto grao de area á recente etapa democrática. Foi por isto que pouco a pouco incorporei o galego a certos ámbitos: cos amigos da infancia, cos meus pais e avós e cos poucos que se dirixían a min inicialmente en galego.

Rematei a carreira e logo aprobei as oposicións. Foi así como me vin, en setembro, diante de corenta alumnos e alumnas aos que debía dar clase de bioloxía, seguro de min mesmo pero co inmenso nerviosismo de quen fala por primeira vez (practicamente) en público. A miña tensión e nerviosismo foron agravados por unha decisión que tomara uns días antes, logo de meditalo moito: dar as clases en galego. Non pensedes que foi unha decisión fácil pois aínda que ideoloxicamente o tiña moi claro, a lingua que dominaba era o castelán, logo de case vinte anos de estudos nesa lingua sen posibilidade de acercarme a outra (agás a lingua estranxeira). Pero non sería coherente lairme da situación da nosa lingua e non achegar nada cando aparece a oportunidade, aínda que iso supoña un "pequeno" esforzo. Pagou a pena!

**Alberto Abadín, profesor de bioloxía**





Eu, toda a miña vida, desde que nacín, fun educado en castelán, e incluso fun adquirindo certos prexuízos contra o galego nalgún momento, pero hai cousa de dous anos decidín comezar a falar galego ao decatarme de que tiña ideas contraditorias. Eu considerábame moi galego pero non falaba galego, o cal me pareceu vergonzoso e, inda que ao principio foi difícil, hoxe falo galego con total normalidade porque quixen identificarme con esa lingua e co pobo ao que representa.

**Ramón Carballo, alumno de 2º Bach**

Decidín cambiar a miña lingua, o castelán, polo galego, alá polo mes de setembro. O motivo? Son e síntome galego e polo tanto creo ter obriga de falar a lingua que me identifique como tal, e moito máis agora cando a nosa lingua está en horas baixas. Porén, non foi un camiño fácil. O primeiro mes levoume máis traballo do que quixera recoñecer e, aínda por riba, os meus amigos non me apoiaban e intentaban que falara castelán. "No te queda bien" foi a frase que máis escoitei... Eu non tirei a toalla e agora no mes de maio, atópome nunha situación completamente distinta. Non estou cómodo falando castelán, e cando teño que falalo síntome outra persoa.

**Alessandro Nieto, alumno de 2º Bach**

De cando me deron coa lingua na cabeza!

Eu era un neno de cidade, tería 8 anos urbanitas cheos dunha profunda ignorancia. Mais se había algo polo que sentía verdadeira repulsión era pola lingua galega. Todo viña de asociar esta lingua a esporádicas visitas a uns parentes que vivían nunha contorna rural e que falaban a lingua galega con naturalidade, mais eu considerábaos brutos e ignorantes. En resumidas contas, crecía cheo de prexuízos, malia os esforzos dos meus pais por ter outro achegamento á lingua. Así que unha noite, resolveron invitar a cear a un amigo deles, doutor e músico, polo que eu sentía gran estima. E recordo vivamente como cando o reloxo do salón indicaba a media noite, preguntoume:

-A ti que che soa mellor: el pájaro pía en el arbol ou o paxariño pía na árbore?

Desarmoume e deulle a razón. Logo espetoume.

-Recorda sempre este momento, este día, esta hora, esta conversa, e dentro de 10 anos, cando xa teñas 18 ven xunta min e dime que sentes pola lingua galega.

A casualidade fixo que tras algunha esporádica visita dese amigo, 10 anos despois coincidíramos noutra cea. Eu sempre levei esa conversa ben dentro, pois nese momento algo fixo clic en min. Outros feitos co tempo axudaron a conformar en min outra imaxe da lingua, que xa con 18 non falaba, mais quería e sentía miña. Agardei con impaciencia as horas ata a media noite e entón recordeille a noite de dez anos atrás. El non o lembraba, mais eu lembreino e lembrarei toda a miña vida. Ás veces a influencia dunhas verbas escapa a todo o imaxinable. El quedou abraiado ao recordarillo, e ficou algo emocionado. De cando volvín neofalante xa volo contarei doutra...

**Pedro Lamas, profesor de música**

Cando era pequeno, adoitaba inclinarme cara ao uso do galego. Porén, coma todos, non tiña unha conciencia clara da diferenza que supón o emprego dunha ou outra lingua e da súa influencia na miña identidade. Co paso do tempo e cunha maior influencia dos fins de semana en Bueu, convertínme, sen darme de conta, ao igual que os meus amigos de alí, nun falante monolingüe en castelán. Era quen de me desenvolver perfectamente en galego, pero apenas o utilizaba, e hei de afirmar que foi

así ata hai ben pouco. Creo que foi primeiro a entrada no bacharelato o que comezou o cambio. Foi entón cando comecei a comprender a importancia da lingua propia, dos feitos históricos que levaron á situación que se dá por exemplo en Bueu e que eu era quen de inverter a situación e defender o propio. Custábame enormemente falar galego. Non por carencia de facultades, senón que tiña que “pensalo”. É dicir, non me saía de si, de xeito natural, senón que tiña que facer un esforzo de concentración. Hai cousa dun ano foi cando de verdade o cambio se fixo patente, cando quixen comezar a inverter a situación. Axudoume a xente apegada a min, do meu ambiente social máis que familiar. Aínda me queda moito por mellorar, moito camiño para normalizar completamente en min o uso do galego. Pero son consciente de que se continuó así o conseguirei. Paseníño, pero sen deter o ritmo do cambio.

**Hilario Martínez, alumno de 2º Bach**



No meu caso, o paso de ser castelán falante a galego falante naceu da concienciación. Nunha cidade como A Coruña, o contacto co galego (como na maioría das cidades do país) era moi limitado e sempre se asociaba a un estatus social e cultural baixo. Por iso, o primeiro paso foi romper eses prexuízos e abordar a lingua con naturalidade. Nun momento determinado da miña adolescencia comecei a interesarme polo tema da lingua (cómpre indicar que eu non fun escolarizado en galego, non existía tampouco a opción de cursalo como materia), a partir dese punto os pasos viñeron dados. O primeiro foi o tema do nome, empezar por pedir aos amigos que me chamasen Xosé e pasar a presentarme así a todo o mundo; supuxo certas dificultades, bromas, situacións incómodas ... pero foise levando sen demasiadas complicacións. Neste punto só debo sinalar o difícil que foi (logo de aprobarse a lei que o permitía) o trámite no rexistro civil, cun funcionario empeñado en dar problemas, de feito só se solucionou todo achegando un certificado da Escola de Idiomas da Coruña.

O seguinte paso foi máis complicado xa que supuña utilizar o galego no día a día e aí si que houbo moitos problemas.

A axuda dos amigos foi diversa, algúns entenderon a axudaron mentres outros non pasaron das bromas e os chistes. Neste punto, debo dicir que axuda ser testán xa que permite manter a túa opción cando dúbidas da mesma (e hai moitas ocasións de dúbida). Por outra parte, cando vas coñecendo xente nova acabas por decatarte de que se normaliza o modo de comunicarse e que as conversas bilingües acaban por ser o máis normal do mundo.

Na familia, polo menos no meu caso, tamén hai que ir rachando prexuízos e mudando preconceptos. Houbo que ir normalizando as conversas, calar moitas veces cando se producían situacións incómodas e ir marcando territorio para gañar o dereito ao uso.

O tránsito foise realizando paseniño pero aos vinte ou vinte e un anos xa fora acadando unha certa normalidade. Aínda así, axudou moito mudar de cidade xa que ir vivir a Santiago permitiu empezar de novo e pasar a usar o galego a todas horas e en todas as situacións. O ambiente universitario facilitou moito a situación.

Como conclusión, partindo da miña situación de castelán falante en exclusiva, o paso ao uso único do galego foi gradual e lento. Probablemente podería ter sido máis rápida pero tamén máis conflictiva; por iso, visto desde a perspectiva do tempo penso que foi un acerto optar por non pedir permiso nin perdón, asumir como algo normal o uso do galego sen maior complicación e aceptar o uso do castelán por parte dos demais sen malos modos pero sen cambiar eu de lingua para adaptarme á outra.

**Xosé Candal, profesor de Historia e director do Insti**

## ESCRACHES

Nos últimos meses a palabra “escrache” foi unha das protagonistas tanto nas redes sociais coma nos medios de comunicación. Este é o nome dunha manifestación pacífica nacida en Arxentina na que a xente se dirixe ao domicilio ou lugar de traballo de alguén ao que se quere denunciar publicamente. No caso de España os brancos máis comúns adoitan ser os políticos do Partido Popular e os banqueiros, xa que son protestas contra os desafuzamentos que pretenden recordarlles ás persoas ás que van dirixidas a mala situación na que se atopan moitos españois e que parece ser ignorada continuamente no Parlamento. Este tipo de accións foi fortemente criticada por deputados do PP, chegando algúns a consideralas actos de “puro nazismo”, acepción que ao meu parecer está fóra de lugar. Os manifestantes tiveron tamén que identificarse perante a policía e manter unha distancia superior a 300 metros das persoas ás que pretendían denunciar e algúns incluso foron arrestados. A pesar disto, os escraches producidos en España non son unicamente estes, senón que nos últimos meses tamén se deron protestas destas características de carácter antiabortista en varias clínicas que practican abortos legais, as cales non recibiron tales tratos e críticas.



Ao parecer, a liberdade de expresión e o dereito a manifestarse pacificamente non está ao alcance de todo o mundo neste país senón que, dependendo do que defendas, serás un cidadán libre loitando polos teus dereitos ou simplemente un acosador e agresor violento que algúns ata denominarían “nazi” por obrigalos a escoitar cousas que non queren oír.

**Antía González, 2º Bach**

## SEGUNDO A SEGUNDO...

**Uns que empezan e outros que acaban; acaban etapas mais a carreira é longa... Os tempos do instituto son un chanzo que coincide coa adolescencia, momento importante. No Ruxe Ruxe quixemos facer un experimento, pedimos a alumnas que chegaron hai pouco e a outras que van marchar que nos conten as súas inquedanzas, que se sabe de como vai o mundo aí fóra, como se ve a vida en segundo de ESO e en segundo de Bacharelato. Aquí está o resultado: segundo a segundo.**

### Farrapos en crise

Para min pensar no futuro remíteme irremediabilmente á palabra SELECTIVIDADE. Si, ese tremendo vocábulo que persegue ós que cursamos segundo de bacharelato, que aparece "ata na sopa" (por iso deixei de comela) e que encarna o protagonista dos meus pesadelos máis recorrentes destes últimos meses. Mirar máis alá éme imposible: non vexo nada.

Esa cegueira vén provocada pola inseguridade na que o meu futuro se atopa somerxido, pois non sei se conseguirei entrar na carreira que desexo, nin se poderei cursar na facultade coa que soño dende hai tempo. Tampouco sei que pasará coas miñas amizades, pois eles atópanse na mesma situación ca min.

Pero se ergo a cabeza para saír desta rutina de estudos que me ten absorta case por completo, o que vexo non é moito mellor. Que lle pasa á nosa sociedade? Que nos pasa a nós? Por que case todas as noticias que vexo son malas: guerras sen sentido nas que morre xente inocente, milleiros de persoas morrendo de fame ante a nosa pasividade, unha crise económica que afoga a medio mundo mentres que o outro medio xa nunca tivo nada que perder...

Ante esta visión tan pouco estimulante a miña mente decide transportarme a un tempo pasado no que todo se vía mellor e decátome de como cambiei ao longo destes dezasete anos de vida. Por un segundo, invádeme a morriña dunha idade na que as miñas preocupacións máis importantes se reducían a que poñer ao día seguinte, a que faría nas vacacións ou a conseguir que a miña nai me deixase comprar por fin uns zapatos de tacón. E digo por un segundo porque inmediatamente percorro os anos que me separan dese pasado próximo e vexo a miña metamorfose.

Esa metamorfose sen rematar faime sentir ben, vexo a evolución, o paso do tempo en min e gústame. E a pesar de que o panorama que se abre ante min non é o que me gustaría sinto unha suave pero firme voz no meu interior que me di: tranquila que malo será!



Uns máis..., outros menos... pero pouco a pouco todos nos damos conta da gravidade da crise, sobre todo ao ver que amigos e familiares marchan lonxe para poder ter algo que levar a boca, ou incluso amigos que ao cumprir os 16 deciden deixar de estudar para colaborar coa economía familiar. Dámonos de conta do duro que será para nos cando queiramos entrar a formar parte do mundo laboral. Que será de nos? Uns estudarán, outros encontrarán traballo e outros marcharán ao estranxeiro. Vemos que as historias dos nosos avós e bisavós, de moitos familiares que temos en Arxentina, non quedan tan lonxe, todo ao contrario, cada vez notámolas moito máis preto, máis do que quixeramos.

Cando nos preguntamos que imos estudar vémonos obrigados a escoller entre uns estudos que teñan futuro ou os que realmente desexamos; moitos tomamos a primeira decisión, a de escoller unha carreira ou un ciclo formativo que realmente non desexamos, que non nos gusta pero que sabemos que é o mellor, que teremos máis posibilidades de atopar traballo.

**Ángela Aboy, 2º ESO**

Penso que a crise orixinouse cunha grande perda de empregos. Cando algunhas entidades financeiras se viron intervidas pola mala xestión e o non pagamento das hipotecas, pecharon o crédito, co cal moitas empresas se viron na obriga de cerrar e en moitos casos sen lles pagar aos empregados e deixando na rúa a persoas de idade avanzada, ás que lles sería case imposible volver atopar un posto de traballo. Moitos cartos que se puideron destinar para axudar a parte da poboación máis afectada, destináronse a estas entidades financeiras (de carácter privado). Despois, como o paro seguía en aumento, o goberno deixou de ingresar os cartos que destina cada traballador para a seguridade social e impostos e, pola contra, ten que pagar o paro e axudas familiares. Como hai menos ingresos no goberno, comezan os recortes sociais e a suba de impostos que terminan coas clases sociais máis desfavorecidas e poñen en serio perigo o futuro da poboación, sobre todo cando os recortes son no ensino ou sanidade. Á parte dos grandes ingresos que teñen os políticos, algúns aproveitaron os seus cargos para enriquecerse aínda máis cos cartos dos nosos impostos, que boa falta farían para axudar a miles de familias que subsisten con 400€ mensuais.

**Natalia Rajoy, 2º ESO**

As características da crise actual poderíanse definir, coma no código binario, mediante cifras. Pero os datos financeiros non son o importante agora mesmo, nin sequera sei o que é a prima de risco, nin o IPC e tampouco me interesa. Porque agora estamos no límite, no bordo dun burato negro que comunmente se coñece coma selectividade. E aí é onde entra a dimensión da crise que nos interesa ós estudantes: as consecuencias.

Nas nosas mentes a crise xa non é unha situación económica, senón que tomou forma nunha especie de becho lendario. Un becho grande, grave e desagradábel que por agora só nós está collendo medidas para engulirnos, mentres devora pouco a pouco os nosos proxenitores ata que nos sumemos ó menú, momento coincidente co noso exame de selectivo.

E que é agora, nas nosas longas noites de insomnio resultado dun cocktail de cafeína, Platón, posicións relativas de planos e rectas, entropías e quimeras dunha praia e cero deberes, onde aparece, de fondo, un pensamento que levanta o seu berro sobre os demais: para que demo estudo se cando saia da universidade vou dedicarme a aumentar o tempo de espera nas ringleiras do INEM?

É doloroso, triste, angustioso, frustrante e terriblemente verdadeiro. Despois sempre está a posibilidade de cursar carreiras como medicina, que che permitan ter unha certa seguridade laboral futura. Pero estas resultan practicamente inalcanzábeis. Á xente á que lle expresas a túa preocupación por entrar ou non entrar, por xogar todo a unha carta, o teu futuro determinado por un número, teñen sempre preparada a frase comodín: "Se outros o fixeron antes, ti tamén podes". Pero, claro, nunca mencionan ós outros que o intentaron antes e non puideron. Debería de existir un muro onde estivesen gravados os seus nomes nunha mostra de respecto, coma nos atentados terroristas. A sensación de verte nun deles e de non conseguir a meta marcada en selectivo é a mesma: "Por que a min!!".

En todo caso, aínda alcanzando a nota da carreira desexada, despois de estudar o grao durante o período de vida dun rapaz de párvulos, o que che espera á saída da facultade é un cartel anunciando: "Divirtase! Puenting sen corda!" E o único que se pode dicir ante isto é: "Oes, os deportes de risco estanche de moda."

**Andrea Sánchez, 2º BACH**

## PENSAMENTOS

Soños, esas cousas que perseguimos sen importar o que custe. Por que? Porque son o que somos, o que nos define. As nosas ganas de seguir adiante, de seguir vivindo día a día cunha esperanza, cun propósito. Soños que poden ser lugares, persoas ou simplemente palabras. Soños sen sentido, imposibles, incoherentes... Soños que se deixan de lado, que se esquecen ou abandonan. Soños que sobreviven, que flotan entre recordos somerxidos e desalentos de xentes alleas. Soños meus, soños teus... Soños con nome e apelidos, soños con propia identidade. Soños que, algún día, conseguirán ser realidade.

**Antía González, 2º BACH**



Sorte. Existe ou é en realidade o nome que lle damos ao destino cando non podemos controlalo? Porque... é o destino controlable sempre? Somos nós, coas nosas accións os únicos responsables dos resultados que recibimos?

Cada día creo un quebracabezas novo coas pezas do que puido ser e non é, coas decisións que tirei ao lixo hai xa moito tempo (ou quizais non tanto).


A cada segundo pregunto o porqué dese segundo, a cada principio o porqué dese principio sabendo que dun xeito ou doutro será tamén o porqué dalgún final.

Os momentos falan sen dar resposta ningunha, paseando ao meu carón coma se eu non existise, coma se fose transparente para eles e eles para min.

Algúns dos finais que nalgún tempo foron (ou serán) principio tiran algún que outro mapa pola miña cabeza, pero nunca me din e nunca me indican (onde acabaría ou) onde acabarei (?).

## ACTÚA...ACCIÓN

Obradoiro de Quérote para 4º de ESO



Visita os Xulgados de Pontevedra



Visitas inesperadas no Día do libro



Ambientazo no Día do Libro



I Troco de libros



Teatro e actividade en Compostela



Visita de AMIPA e convivencia co alumnado



**10 anos do Prestige. Exposición**



**Traballando duramente...**



**Xogos tradicionais feitos refugallo**



**Charla co ciclista Ezequiel Mosquera**



**Aniversario de Celso Emilio. Exposición**



**Obra de teatro "Agora mismitos"**



**Exposición sobre Roberto Vidal Bolaño**



**Obradoiro de música con Suso Bahamonde**





<b>EDITORIAL</b>	<b>1</b>
<b>NORMALIZA...ACCIÓN</b>	<b>2</b>
<b>CREA...ACCIÓN</b>	
Inmigrante	8
Outros textos	9
Microrrelatos	12
Micropoemas	15
<b>INFORMA...ACCIÓN</b>	
Festa da lingua	17
Música de aquí	19
LOMCE	21
<b>COLABORA...ACCIÓN</b>	
Axenda 21	22
Banco de alimentos	24
Malala igualdade	25
<b>ENTREVISTA...ANDO</b>	<b>26</b>
<b>HOMENAXE...ANDO</b>	<b>32</b>
<b>INVESTIGA...ACCIÓN</b>	<b>34</b>
<b>ENREDA...ANDO</b>	
Frases do profesorado	37
Será conto?	38
<b>VIAXA...ANDO</b>	
Proxecto Terra	41
Viaxe a Aragón	42
<b>DESTACA...ANDO</b>	<b>43</b>
Falaquis 2013	46
<b>REFLEXIÓN...ANDO</b>	
Dar coa lingua	47
Escraches	50
Segundo a segundo	51
Pensamentos	53
<b>ACTÚA...ACCIÓN</b>	<b>54</b>

# AQUIS

17 de maio de 2013  
día das letras galegas dedicado a Roberto Vidal Bolaño  
150 aniversario da publicación de  
*Cantares Gallegos*  
de Rosalía de Castro